22. A transcripción <k> conservámola tamén en tódolos casos. Tanto neste caso como no de <q>, consideramos que a súa adaptación como <c> ou <qu> ante vogal segundo a ortografía estipulada polas NOMIG será signo da súa integración na lingua. Neste sentido, diferimos da Biblia (2001:XXV.12). Somos conscientes de que esta é unha regra de adaptación controvertida e discutible en moitas ocasións, pero pensamos tamén que as palabras que conteñen un <q> ou <k> en final de sílaba son imposibles de ser incorporadas plenamente á lingua mantendo estes grafemas. Como comprobación, abonda facer unha pescuda nas palabras do VOLG que rematen por estes grafemas ou por <c>.

24-25. O grupo de grafemas <n> e <m> conservámolo en posición explosiva, pero en final de sílaba absoluto ou relativo, tal e como o pide a neutralización da súa oposición, adaptámolo como <m> ante e <p> e como <n> no resto das posicións, seguindo a norma do galego común e coincidindo coa preferencia da tradución da Biblia (2001:XXV.8) ao galego.

27-28. No caso das semiconsoantes <w> e <y> transformámolas respectivamente a <u> e <i> en posición non intervocálica (*fatwa* > *fatua*). En posición intervocálica, simplifícanse se están en contacto respectivamente con outro <u> e <i> respec-

tivamente (*muwaxaha* > *muaxaha*) ou en posición posnuclear (*tayfa* > *taifa*). Este último criterio responde á alta estabilidade dos ditongos decrecentes en galego, fronte á tendencia a pronunciar os crecentes como hiatos (Álvarez 1993:39-41). Neste caso diferimos da proposta da Biblia (2001:XXV.8) para outras linguas semíticas.

Outras regras que son xerais para todos os grafemas e casos son as seguintes:

0.1. Esta proposta non a aplicamos a palabras que xa estean asentadas na lingua, especialmente aquelas nas que xa se detecte un rendemento ortográfico dalgunha grafía que desaconselle unha nova creación, pero si cando o proceso de integración ortográfica se fixo mediante procesos non propiamente galegos (grafías española, francesa e inglesa).

0.2. As vogais longas e as consoantes xeminadas simplifícamolas, como tamén se propón na Biblia en galego (2001:XXV.9 e 10).

0.3. A conservación do guión do artigo quedaría a discreción do transcritor, aínda que nós eliminámos e recomendamos non crear termos do léxico científico co artigo aglutinado.

0.4. En ningún caso creamos vogais de apoio silábico para facilitar a lectura de ningunha consoante illada ou posnuclear.

0.5. Debido ás dificultades que implica marcar unhas **regras específicas para determinar a tónica** (Busquets 1970:14), decidimos optar pola acentuación esperable en galego e non basearnos no orixinal árabe. Creamos que é imposible especificar un criterio sinxelo e exacto á vez, pero que é necesario. Como hipótese de partida, a nosa intuición dinos que as palabras rematadas en vogal ou <s> deberían ser paroxítonas, e oxítonas todas as demais. En principio foi o criterio que utilizamos, sempre despois de aplicar a simplificación das semiconsoantes (27-28), pero, conscientes de usar un sistema demasiado simplificador, deixamos a hipótese coma simple proposta para que sexa de-

senvolvida e avaliada mellor en futuras investigacións sobre a tónica non marcada en galego³.

0.6. O xénero gramatical para os substantivos resultantes (por exemplo, *burca* ou *bixta*) podería delimitarse tomando como referencia o do orixinal árabe, a terminación da forma adaptada (a *bixta*) ou o referente cognitivo do que depende o significado (o *manto* > o *bixta*). Defenderemos o uso deste último, aínda que non temos motivos obxectivos que fagan inclinarnos por este criterio en concreto: conscientes de que este referente pode variar para cada individuo (o *manto* > o *bixta* vs. a *capa* > a *bixta*), queremos con todo facer fincapé na necesidade de tomar unha decisión que resolva esta cuestión da adaptación e que permitiría o uso unificado da forma adaptada dentro dun contexto, tan importante e necesario como o da súa forma final ou o da determinación da súa sílaba tónica.

0.7. Como resultado destas regras, non existirán polo tanto nunha palabra adaptada de orixe árabe as transcrisións <g>, <j>, <ñ>, <p>, <rr>, <e>, <o> nin as secuencias <Vwu>, <uwV>, <Vyi>, <iyV>, (onde V representa unha vogal). A transformación das cadeas <kV> ou <qV> en <cV> será síntoma da integración da palabra no galego.

6. Aplicación

As palabras introducidas desde o árabe correspóndense con moi diversos temas desde antigo. Aínda así, os termos que se precisan na actualidade pertencen principalmente a certos campos temáticos concretos. Consideramos xa que logo interesante clasificar os termos nos tecnolectos aos que pertencen: a nosa primeira aproximación tratará algúns termos relativos á lingüística e literatura propia do árabe, á vestimenta e á xeografía física.

³ Respecto a este tema, pode ser interesante a tese de doutoramento *La asignación del acento en castellano*, presentada por María Ohannesian Saboundjian na Universitat Autònoma de Barcelona en 2004 baixo a dirección de Joan Mascaró, dispoñible en liña.

Xustificamos a creación das seguintes adaptacións principalmente por dous motivos: pola imposibilidade de recuperar un termo patrimonial creando un neoloxismo semántico e pola necesidade de tratar como calcos estes termos que representan aspectos dunha cultura tan diferente da nosa. É certo que nada impide referirse ao patio central dunha mesquita coa denominación *patio* ou utilizar *camposanto* ou *cemiterio* para os específicos da relixión árabe, pero consideramos que o uso do xenérico en funcións divulgativas non impide a necesidade de que exista un termo específico para contextos nos que se pretenda unha maior aproximación terminolóxica ao orixinal. Con todo, existen palabras que consideramos xa asumidas como dentro do sistema ortográfico e fonolóxico galego que comentaremos onde corresponda.

6.1. Nomes das letras

Comezaremos o noso grupo de propostas polo nome dos caracteres consonánticos do árabe (para as vogais, v. 5.1.3). Neste tema en particular, se realizásemos unha adaptación atoparíamos moitas coincidencias formais para diferentes conceptos debido a que o proceso proposto simplifica varios caracteres árabes nun mesmo carácter latino e daría lugar a homografías (v. 4.3). Desaconsellamos xa que logo a súa aplicación, considerando tamén que non procede aquí utilizar o proceso de adaptación debido tamén a que o ámbito específico no que se usan estas denominacións se restrinxe principalmente aos estudos de Lingüística, precisamente a ciencia onde a ortografía orixinal é obxecto de estudo. A táboa 10 resume estes nomes utilizando só o proceso inicial de transliteración.

N	Nome	Transliteración	N	Nome	Transliteración
01	أَلِف	'alif / (hamSa)	15	ضَاد	d.aad
02	بَاء	baa'	16	طَاء	t.aa'
03	تَاء	taa'	17	ظَاء	D.aa'
04	ثَاء	zaa'	18	عَيْن	*ayn
05	جِيم	jiim	19	غَيْن	Rayn
06	حَاء	Haa'	20	فَاء	faa'
07	خَاء	Khaa'	21	قَاف	qaaf
08	دَال	daal	22	كَاف	kaaf
09	ذَال	Daal	23	لَام	laam
10	رَاء	raa'	24	مِيم	miim
11	زَآي	Saay	25	نُون	nuun
12	سِين	siin	26	هَاء	haa'
13	شِين	xiin	27	وَأَو	waaw
14	صَاد	s.aad	28	يَاء	yaa'

Táboa 10: Transliteración do nome das letras.

A partir deste punto tomado como exemplo, simplificaremos a presentación de cada termo para unha maior comodidade expositiva: presentaremos inicialmente para cada concepto a adaptación e a transliteración, sen reproducir xa a grafía árabe pois a transliteración permite omitila. Xunto a isto, brevemente explicaremos o seu significado, daremos os equivalentes detectados noutras linguas e, se procede, comentaremos as circunstancias atopadas no proceso de adaptación e as propostas ou usos previos no galego.

6.2. Lingua e literatura

Consideramos que existen palabras no galego pertencentes a estes temas cunha tradición gráfica asentada: **alxamía**, **kharxa** ou **cúfico** aparecen tanto no VOLG ademais de no GDXL

e no IrIndo. Existen porén outros termos especializados para os que cómpre unha adaptación:

- sukún:** *sukuun*; *xasm jaSm*; carácter árabe utilizado para marcar a ausencia de vogal tras unha consoante;
- fatha:** *fatHa^o*; carácter diacrítico árabe para indicar a pronuncia da vogal aberta tras unha consoante;
- dama:** *D.amma^o*; carácter diacrítico árabe para indicar a pronuncia da vogal pechada velar tras unha consoante;
- kasra:** *kasra^o*; carácter diacrítico árabe para indicar a pronuncia da vogal pechada palatal tras unha consoante;
- hamsa:** *hamSa*; primeira consoante árabe, apoio de fatha, dama e kasra;
- taxdid:** *taxdiid*; **xada:** *xadda*; carácter árabe utilizado para marcar a xeminación da consoante;
- alif:** *'alif*; carácter árabe que serve de apoio a hamsa con forma de raia vertical;
- alif maqsura:** *'alif maqs.uura^o*; alomorfo específico do alif para servir de apoio a hamsa coa morfoloxía dun waaw ou dun yaa' sen puntos;
- alif mada:** *'alif madda^o*; diacrítico especial cando é precisa a duplicación de hamsa, coa forma do diacrítico do <ñ> ou do <ã> e que se apoia na parte superior do alif;
- tanuín:** *tanwiin*; nunación (nasalización) da vogal final dunha palabra que se reflicte na duplicación do carácter da fatha, dama ou kasra segundo corresponda;
- hamsa al-wasl:** *hamSa^o 'l-was.l*; hamsa do artigo que perde o son da súa vogal (/a/) e toma por asimilación a do final da palabra anterior;
- saxal:** *Sajal* (Cortés 1996:462); "composición poética"; plural: 'aSjaal composición poética árabe de cuartetos de tres versos monorrimos e un último con rima igual á do retrouso, aínda tradicional en Líbano; ca: (s.m.) zajal, zègel; en: zejel, zéjel; es: (s.m.) zéjel; fr: (s.m.) zajal, zéjel;
- muaxa, muaxaha:** *muwaxxaH, muwaxxaHa^o* (Cortés 1996:1254), "poesía" < w-x-H, "adornar"; composición poética árabe medieval que termina cunha kharxa; ca: (s.f.) moaixakha;

en: muwashshah; es: (s.f.) moaxaja (DRAE), muassaha, muaxaha, muwasaha; fr: (s.m.) mouachah, muwashshah;

6.3. *Vestimenta*

Cómpre ter en conta que algunhas vestimentas chegan ao galego do turco (caftán) ou de Persia e a India (kurta, pasmina), polo que non se pode aplicar o proceso de adaptación do árabe ao galego. Outras prendas, como as catro primeiras da lista, xa están plenamente integradas no galego (incluídas en VOLG, GDXL ou IrIndo):

muselina: *muS:aliin* < do xentilicio dunha cidade iraquí *mawS.iliyy* (Mosul); tecido fino de algodón empregado para fabricar gasas e confección; ca: (s.f.) mussolina; de: (s.m.) Mousselin, Musselin; en: muslin; es: (s.f.) muselina; fr: (s.f.) mousseline; it: (s.f.) mussola, mussolina;

fez: do nome dunha cidade marroquí, *Faas* (Fez); gorro masculino ríxido de feltro feito en la cardada, cilíndrico ou troncocónico dunha altura maior có seu radio, normalmente vermello e cunha borla negra, usado por algúns musulmáns; ca: (s.m.) fes; de: (s.m.) Fes, Fez; en: fez; es: (s.m.) fez; fr: (s.m.) fez; it: (s.m.) fez; nl: fez; pt: (s.m.) fez;

xilaba: *jillaabiyya*^a (pronuncia *exipcia*) (Crespo 1996:176), "túnica de algodón, frouxa, escotada e de manga longa"; vestido masculino e feminino solto e externo, de algodón ou la, normalmente con carrapucha; ca: (s.f.) gel·laba; de: (s.f.) Djellaba, Dschilbab; en: djellaba, djellabah, jellab, jellaba, jellabiyya, jilbaab, jilbab, jubbah; es: (s.f.) chilaba; fr: (s.f.) dellâba, djellaba, jellaba, jilleba; it: (s.f.) djellaba, djellabah, jilbab; nl: djellaba;

burca: *burqu** (Cortés 1996:77), "veo"; plural: *baraqi*u*; vestido feminino longo e solto que cobre todo o corpo, incluíndo a cara pero permitindo a visión (mediante unha abertura ou unha rede); consideramos que non ten sentido adoptar **burqu** debido a que a forma **burca** xa está integrada no galego. ca: (s.m.) burca, burka, burqa; de: (s.f.) Burka,

Burqa; en: bourkha, burka, burkha, burqa, burqua; es: (s.m.) burka, burqa; fr: (s.f.) burka, burqa (cf. bourka); it: (s.m.) burka, burqa; nl: boerka; pt: (s.f.) burca;

burqini: *de burca + bikini, é unha marca comercial*; bañador feminino deseñado en Australia que cobre todo o corpo salvo a cara, os pés e as mans; malia a integración da forma anterior, adoptamos a forma orixinal dada polo fabricante australiano; de: (s.m.) Burkini, Burqini; en: burkini; es: (s.m.) burkini; fr: (s.m.) burquini; nl: boerkini, bourkini, bourqini;

abaya: **abaaya*⁰ (Crespo 1996:711), "manto"; vestido feminino cinxido que cobre todo o corpo salvo a cara, os pés e as mans; de: (s.f.) Abaja; en: abaya; es: abaya; fr: (s.f.) abaya; it: abaya;

qaftán, quftán: *do turco kaftan ou do árabe quft.aan* (Cortés 1996:922) < *do persa haftan*; bata masculina e feminina de seda ou algodón ata os pés con botóns por diante e manga longa; a grafía *qaftán* xa aparece no IrIndo, o que indicaría a súa integración no galego; ca: (s.m.) caftà; de: (s.m.) Kaftan; en: caftan, kaftan, kaptan; es: (s.m.) caftán; fr: (s.m.) cafetan, caftan; nl: kaftan;

haiqa: *prob. de H-y-q* (Crespo 1996:283), "rodear"; *ou de H-y-k* (Crespo 1996:284), "trenzar" (segundo o DRAE); capa que cobre o corpo desde os ombreiros ata os pés; es: (s.m.) jaique (Vázquez Figueroa 1981:35);

ralabía: *R-l'-b-y-⁰*; <R> *pronúnciase /g/ en exipcio*; camisa masculina e feminina, longa e solta ata os pés, a modo de túnica, habitual entre os arábigos (de onde é orixinaria) e os exipcios; en: galabeya, jelabiya, jellabiya;

zaúb: *zawb* (Cortés 1996:150, Cowan 1960:108), "vestido"; plural: *ziyab, 'azwaab*; camisa masculina arábica dunha peza que chega aos pés, normalmente branca e de manga longa; de: (s.m.) Thawb; en: thaub, thawb, thobe, thoub; *Teñen o mesmo significado:* **dixdaxa:** *dixdaaxa*⁰; en: deshdashah, dishdash, dishdasha; **qamis:** *qamiis*. < *q'm* (Cortés 1996:942), "posición dereita, de pé"; en: khameez; **kandura:** *kanduura*⁰; en: kandura;

- bixta:** *bixta*^o (Cortés 1996:83), "manto"; capa masculina árabe de lixeiro, solto, de cor e de la, que se viste en ocasións especiais sobre o tobe; en: bisht;
- sirwal:** *sirwaal*, cognado do *xalwar qamix* indostánico; pantalón árabe de algodón que se viste baixo da bixta, de perneira longa ou curta; en: sirwal; it: (s.m.) serwal;
- niqab:** *niqaab* (Cortés 1996:1162), "veo"; plural: *nuqub*, *anqiba*^o; veo feminino árabe (tipicamente árabe) que cobre toda a face das mulleres, salvo por unha raia; horizontal para os ollos poderen ver; ca: (s.m.) nicab; de: (s.m.) Niqab; en: niqab; es: (s.f.) nicab, niqab; fr: (s.m.) niqab; nl: nikaab, nikab, niqaab; pt: (s.m.) niqab;
- xadur:** *j-d-r*, quizais relacionado con *jadura* (Cortés 1996:158), "ser axeitado, ser digno", de *j'-d-r* (persa); pano feminino semicircular escuro persa que cobre desde a cabeza ata a cintura para cumprir co código moral; ca: (s.m.) xador; de: (s.m.) Chador, Schador, Tschadar, Tschador; en: chadar, chaddar, chador, chuddar, chudder; es: (s.m.) chador; fr: (s.m.) tchador; it: (s.m.) chadar, chador; nl: chador; pt: (s.m.) xador;
- hixab:** *Hijaab* (Cortés 1996:212), "veo"; plural: *Hujub*, *'aHjiba*^o < *Hajaba*, "protexer, ocultar"; pano feminino que cobre a cabeza e o pescozo pero non a cara, vestido para cumprir co código moral e de modestia do mesmo nome; ca: (s.m.) hijab; de: (s.m.) Hidschab, Pardesü (para os turcos); en: higab, hijab; es: (s.m.) hidjab, hijab, hiyab; fr: (s.m.) hidjab, hidjâb, hijab; it: (s.m.) hijab; pt: hijab;
- tarbisa, tarbusa:** quizais de *tarabiiSa* (Cortés 1996:128), "mesa" en *exipcio*; gorro masculino rixido de feltro feito en la cardada, cilíndrico ou troncocónico dunha altura maior có seu radio, normalmente vermello e cunha borla negra, usado en Grecia e Turquía; ca: (s.m.) tarbuix; de: (s.m.) Tarbusch; en: tarboosh, tarboush, tarbush; es: (s.m.) tarbush; fr: (s.m.) tarbouch, tarbouche; pt: (s.m.) tarbush; adaptamos a grafía do i grego a <i> e a <u>.
- xaxía:** *x'-x-y-^o*; gorro feito de la afeltrada que se carda ata convertela en veludo para cubrir a cabeza de forma cilíndrica,

normalmente vermella e típica tunesina; ca: (s.f.) xaixia; en: checheya, chechia; es: chechia, chechía; it: (s.f.) shashia; fr: (s.f.) chéchia;

- kufia**, coloquialmente úsase xa **palestina**: kuufiyy^o, kuufiyyaat, supostamente de Kuufa (cf. cofia); aplicamos a regra 27-28; turbante masculino feito cun pano cadrado de seda, algodón ou la típico dos beduínos rurais; arábigos que cobre a cabeza e ás veces tamén a cara, normalmente liso ou con deseño trezado, popularizado pola resistencia palestina; en Arabia Saudita, é a peza de tea que se coloca baixo a propia kufia para que non esvare; ca: (s.f.) kufia; de: (s.f.) Kafiya, Kefije, Kufiya; (s.n.) Palästinensertuch; en: kaffiya, kaffiyah, kaffiyeh, keffiya, keffiyeh, kufiya, kufiyah; es: (s.f.) kufiyya; fr: (s.m.) keffié, kéffié, keffieh; it: (s.f.) kaffiya, kaffiyah, kefiah, kefieh, keffiya, keffiyeh, kefiyeh, kufiya, kuffiyah, kufiyah; *Teñen igual significado*: **hata**: ás veces para a branca soamente; *Hat:a^o < prob. de Hat:a* (Cortés 1996:246), "sen cabeza" (fig.); en: hatta; es: hatta; it: hatta; **xamara**: ás veces para a branca soamente; para a vermella, en Arabia Saudita: shumah; *x-m'-R < xamaRa* (Cortés 1996:594), "alto, fachendoso"; en: shemagh, shmagh; es: shemag; it: shemagh; **rutra**: ás veces para a branca soamente, por exemplo, en Arabia Saudita; *Rut.ra^o* (Cortés 1996:807), "kufia do Golfo ao Líbano"; en: gutra, guttra; es: ghutra; it: ghutra;
- xal**: (nome en Iraq) xal (Cortés 1996:592), "hilvanar" (prob. cognado do galego chal, do portugués xaile, do inglés shawl e do francés châte); en: chal; es: chal;
- hixasi**: *HijaaSi < al-HijaaS*, rexión de Arabia Saudita; turbante de dúas voltas típico de Arabia Saudita e levado por comerciantes e cregos; en: hejazi turban; *Co mesmo significado tamén*: **amama**: *amaama^o (Cortés 1996:769), "turbante"; plural: *amaa'imu; en: amamah; **rabana**: *Rb'n^o*; en: ghabbana;
- lizam**: *lizaam* (Cortés 1996:1013), "veo"; plural *luzum < do seu nome na lingua targuí* (dos tuareg); turbante masculino feito dunha longa peza de tea de liño ou algodón tinxida en seco, normalmente con índigo, para cubrir a cabeza da

- calor e da area; es: litham, lithan (Vázquez Figueroa 1981:35,68,228, cf. 235); fr: litham;
- iqal:** **iqaal* (Cortés 1996:756), "*cordón que suxeita a kufia á cabeza*"; plural: **uqul*; corda que permite axustar a kufia na parte superior da cabeza; de: (s.f.) Agal, Ekal, Iqal, Ogal; en: agal, egal, igal, iqal; es: agal, palestino; it: egal;
- sunar:** *S-n'-r*; cinto ou cordel distintivos que se os cristiáns ou xudeus debían levar no Imperio Otomano; en: zonar, zonnar;

6.4. Xeografía física

Moitos son os elementos característicos das paisaxes dos países arabófonos. Detivémonos nun pequeno grupo de conceptos que permiten distinguir as distintas partes do deserto, sen incluír as palabras que non proceden do árabe, senón do *targuí* (a lingua dos *Tuareg*) ou outras linguas bérberes (por exemplo, *serir*):

- erg:** **irq* (Cowan 1960:607), "*vea*" (no deserto arábigo úsase o plural: **uruuq*); territorio cuberto por un mínimo dun 20 % de area; a forma **irq** resulta desaconsellable porque **erg** xa ten uso no galego (Pérez Méndez (1995), GDXL e IrIndo) e no resto das linguas da contorna; coincide co nome dunha unidade de traballo do SI; ca: (s.m.) erg; en: dune field (pequeno), dune sea, erg, sand sea; es: (s.m.) erg (Vázquez Figueroa 1981:92); fr: erg; it: erg;
- reg:** *ruqq^o*; territorio chairo cuxa superficie é pedra lisa e compacta sen area nin croios, ou con pedras moi pequenas; aparece xa como **reg** no GDXL e IrIndo e noutras moitas linguas, co cal é desaconsellable unha nova alternativa **ruq**; ca: (s.m.) reg; en: desert pavement, erg, stone pavement; es: reg; fr: reg;
- hamada:** *hamaadaⁿ* (Cowan 1960:1033), "*secar*"; territorio estéril cuberto con pedras agudas e con pouca area, típico de zonas áridas; coincide coa forma usada en Pérez Méndez (1995), GDXL e IrIndo; ca: (s.f.) hamada; de: (s.f.) Hama-

- da, Hammada; en: hamada, hammada; es: (s.f.) hamada (Vázquez Figueroa 1981:190); fr: (s.m.) hamada; it: (s.m.) hamada, hammada;
- wadi:** *waadii* (Cortés 1996:1239), "val, río"; plural: *widyaaab, 'awdiya*^o; val ou cauce dun curso estacional de auga que con afluencia extraordinaria de choiva ten curso torrencial; GDXL e IrIndo usan **uadi** e Pérez Mendez (1995) a forma **uad**; ca: (s.m.) uadi; de: (s.n.) Wadi; en: nahal, wadi, wady; es: uad, uadi, ued, wadi; fr: oued; it: (s.m.) uadi, wadi; nl: wadi;
- sabha:** *sabKha*; depresión chaira endorreica desecada e salgada que recibe auga en condicións extraordinarias, que coa auga forma areas movedizas e logo unha lámina de salmoira e coa seca forma evaporitas; ca: (s.m.) llac de desert, llac de platja, sebkha; de: Sabkha, Sebcha, Sebkha, Sebkhet; en: playa, sabkah, sabkha, salt flat, salt pan, sebcha, sebchet, sebkha, sebjct; es: (s.f.) sabkha, sebhka (Vázquez Figueroa 1981:80), sebj, sebkha, sebkja; fr: (s.m.) sebkha (Vázquez Figueroa 1981:97), sebkhet (pequena), sebkhra;
- xat:** *xat*: (Cortés 1996:579), "beira"; plural: *xutuu'*; lago salgado costeiro de fondo chairo e pouco profundo con beiras variables pola evaporación hídrica do tempo seco; ca: (s.m.) chott; de: (s.m./s.n.) Chott, Schott; en: chott, shott; es: (s.m.) chot, chott, shott; fr: (s.m.) chott;
- barhana:** *barKhaan*; duna con forma de lúa crecente que en planta ten súa convexidade e a menor pendente na dirección da orixe do vento; ca: (s.f.) barcana; de: Barchan, (s.f.) Sicheldüne; en: barchan, barchane, barkhan; es: (s.f.) barcana, barján; fr: (s.f.) barkhan, barkhane; it: barcana, dune a mezzaluna; pt: (s.f.) barcã;
- haial, duna sonora:** *hayal* (Cowan 1960:1043), "amorear" (en Gobi: *duut mankhan*); barhana que, por fricción entre os grans de area, produce ondas audibles de entre 60 e 300 Hz (máis agudas canta máis humidade); de: (s.f.pl.) singende Dünen; en: singing dune, singing sand dune, singing

sand; es: (s.f.pl.) dunas cantantes; fr: (s.f.pl.) dune mugissante, dune musicante; it: (s.f.pl.) dune cantanti;
haima: *Khayma*^o (*Crespo* 1996:333), "tenda"; tenda portátil dos tuareg e outros pobos berberiscos nómades noroesteafri-
canos; GDXL e Pérez Méndez (1995) usan a forma castelán;
ca: (s.f.) khaima; en: (s.n.) Khaima; es: (s.f.) jaima (Vázquez Figuroa 1981:7); fr: (s.f.) khaïma; it: (s.f.) khaima;

Moitos son os temas que restan por investigar: gastronomía, arquitectura, historia, relixión ou política e mesmo topónimos e antropónimos, aínda que estes estean fortemente influídos pola tradición preexistente e non están especificamente incluídos no ámbito da Terminoloxía. Agardamos que, con esta proposta, acheguemos un método que poida servir de partida para todos eles ou polo menos para un debate científico en profundidade sobre a adaptación ao galego das palabras procedentes doutras linguas e a calidade no uso da nosa lingua.

7. Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario & Xosé Luis Regueira & Henrique Monteagudo (1993): *Gramática galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- [Biblia] Fernández Lago, Xosé (coord.) & Andrés Torres Queiruga (2001): *A Biblia*. Vigo: Sociedade de Estudos Publicacións e Traballos.
- Busquets Mulet, Jaime (1970): *Gramática elemental de la lengua árabe*. Palma de Mallorca: Autoedición.
- Carbonell i Cortès, Ovidi (2003): "Dolors Cinca i Pinós (1963-1999)", *Quaderns* 9, 13-23
- Castells, Margarita (2003): "Entorn de la traducció al català de *Les mil i una nits*", *Quaderns* 9, 25-33
- Corriente Cordoba, Federico (1988): *Gramática árabe*. Barcelona: Editorial Herder.
- Corriente Cordoba, Federico (1997): *Diccionario Español-Árabe*. Barcelona: Editorial Herder.

- Corriente Cordoba, Federico (2002): "Acerca de la transcripción o transliteración del código grafémico árabe al latino, particularmente en su variante castellana", *Miscelánea de Estudios Árabes y Hebraicos* 51, 361-368. [disponible en versión electrónica no enderezo
<http://www.estudiosarabes.org/files/Corriente_Acerca%20de.PDF>]
- Cortés, Julio (1996): *Diccionario de árabe culto moderno. Árabe - Español*. Madrid: Editorial Gredos.
- Cowan, J. Milton (ed.) & Hans Wehr (1961): *A dictionary of modern written Arabic*. Wiesbaden: Otto Harrassowitz & Buchdruckerei Hubert & Co.
- Dorado Cadilla, Jairo (2004): "Modelo de transliteración do alfabeto cirílico serbio ó galego", *Viceversa. Revista Galega de Traducción* 9-10, 147-151.
- Frías Conde, Xavier (2000): "O elemento árabe en galego (I)", *Revista de Filoloxía Galega e Portuguesa* 1, 157-171.
- Frías Conde, Xavier (2006): "A transcrición dos arabismos en galego. Unha proposta", *Viceversa. Revista Galega de Traducción* 12, 121-128.
[<<http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/12/vice12.pdf>>]
- [GDXL] Ares, Carme & al. (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- [IrIndo] Ledo Cabido, Bieito (dir.) & al. (2004): *Diccionario de galego*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- [ISO 233] Technical Comitee ISO/TC 46 (1984): *ISO 233. Documentation - Transliteration of Arabic characters into Latin characters. Stringent transliteration*. Xenebra: International Organization for Standardization.
- [ISO 233-2] Technical Comitee ISO/TC 46 (1993): *ISO 233-2. Information and documentation - Transliteration of Arabic characters into Latin characters. Simplified transliteration*. Xenebra: International Organization for Standardization.
- Machado, José Pedro (1991): *Vocabulario português de origem árabe*. Lisboa: Editorial Notícias.

- Machado, José Pedro (1995): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Méndez Fernández, Luz (1997): "Esbozo dunha proposta de adaptación ó galego de topónimos de linguas con alfabeto distinto ó latino", in Fernández Salgado, Benigno (ed.) *Actas do IV Congreso internacional de Estudos Galegos [Proceedings of the Fourth International Conference on Galician Studies] (Asociación Internacional de Estudos Galegos [International Association of Galician Studies], 1994)*. Oxford: Centre for Galician Studies: 222-238.
- [NOMIG] ILG-RAG (2005): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega & Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.
- Pérez-Barreiro Nolla, Fernando (1996): "A transcripción do chinés", *Viceversa. Revista Galega de Traducción* 2, 127-152.
- Pérez Méndez, Ignacio (1995): *Xente de fusil, xente de libros*. Vigo: ABA Edicións.
- Vázquez Figueroa, Alberto (1981): *Tuareg*. Barcelona: Círculo de lectores.
- [VOLG] González González, Manuel & Antón Santamarina (2004) *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega & Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.

DOCUMENTACIÓN LATINO-ROMANCE 'NON DISPOSITIVA' NA EMERXENCIA DO GALEGO ESCRITO

RICARDO GUTIÉRREZ PICHEL
Instituto da Lingua Galega (USC)¹

RESUMO. Neste artigo edítase un conxunto de documentos híbridos latino-romances medievais, pertencentes ao ámbito privado (de interese particular) e definidos pola súa intranscendencia xurídica directa (finalidade exclusivamente probatoria). O obxectivo da análise destes textos é incidir nas características lingüísticas deste tipo de documentación e, dentro da etapa de emerxencia (sécs. XII-XIII), nas pautas de introdución do elemento romance no discurso diplomático latino.

PALABRAS CLAVE: Lingüística histórica, Prosa galega instrumental, Idade Media.

ABSTRACT. In this article is published a group of hybrid latin-romance documents from Middle Ages, that belong to the private area (of individual interest), and are defined by the lack of direct juridical consequences (evidential purpose only). The objective of this textual analysis is centring on the linguistic characteristics of these documents and, inside the emergence period (12th-13th centuries), on the introduction rules of the romance in latin structure.

¹ Esta contribución enmárcase dentro da liña de investigación "Edición paleográfica de obras medievais" desenvolvida no grupo de traballo do TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), no Instituto da Lingua Galega. Agradezo as críticas ofrecidas por Mariña Arbor, Ramón Mariño, José A. Souto e Xavier Varela, así como as achegas puntuais vindas da man de Paulo Martínez, Rocío Dourado e Marta González.

KEYWORDS: Historical linguistics, Notarial galician prose, Middle Ages.

1. Introducción. Parámetros de estudo

A documentación non-dispositiva defínese polo seu -exclusivo- carácter preparatorio e/ou probatorio e pola súa condición tendencialmente autárquica canto á formulística xurídico-literaria propia da actividade validatoria notarial. Dentro do período de emerxencia do galego, representa un valioso testemuño para desentrañar os mecanismos internos que desencadearon a progresiva habilitación da *scripta* romance na escriturización instrumental. Neste traballo presento a edición dun pequeno grupo de textos medievais galegos non-dispositivos seleccionados conforme aos parámetros enunciados no cadro de abaixo. O obxectivo é incidir nas pautas de introdución do romance nun tipo documental pouco condicionado ás formalidades fedatarias dun *instrumentum* notarial.

Parámetros	
1. Efecto xurídico	a) inexistencia de transcendencia legal directa b) carácter probatorio / preparatorio
2. Motivación e interese	documentación privada, de interese particular
3. Tipolóxico	ámbito da xestión patrimonial e/ou económica
4. Glotolóxico	textos híbridos latino-romances
5. Cronolóxico	2ª metade séc. XII - último terzo séc. XIII

En primeiro lugar, o denominador común destes textos é a inexistencia de efectos xurídicos directos, toda vez que, voluntariamente, se prescinde dos referendos autenticatorios necesarios para este fin. Tipoloxicamente a documentación escollida fai referencia á xestión patrimonial e/ou económica dentro do

ámbito privado², isto é, de motivación ou interese particular³. Un cuarto criterio seleccionador deriva do interese na introdución do elemento innovador vernáculo no molde escritural latino, polo que as consideracións presentadas ao longo deste traballo se centrarán maiormente nun conxunto de textos híbridos latino-romances situados no período de emerxencia do noso romance: entre a 2ª metade do séc. XII e o último terzo do séc. XIII⁴.

Xunto aos textos analizados no corpo do traballo (nº 5-14 do apéndice documental) e, polo tanto, acoutados polas variables xa citadas, edítanse 4 diplomas máis que ilustran diversos aspectos⁵ sinalados nos apartados § 3 (docs. 1 e 2) e § 4.3 (docs. 3 e 4). Por último, complementariamente, os textos 13 e 14 do apéndice ilustran os mesmos trazos tipolóxicos e diplomáticos definitorios da documentación non-dispositiva aquí analizada mais cunha confección plenamente romance.

Canto á cronoloxía e transmisión textual deste pequeno corpus debo facer dúas aclaracións previas. Por unha banda, na maioría destes diplomas non se inclúe información directa sobre a súa datación, o cal é un trazo habitual neste tipo documental. En moitos casos a datación indirecta destes textos é sumamente complicada, xa que supón rastrexar os individuos referidos neles, as máis das veces irrelevantes a nivel histórico, nun conxunto de documentación moi amplo, editado parcialmente ou mesmo descoñecido. No entanto, é obvio que para os

² Noutro traballo (Gutiérrez Pichel 2008) analizo un conxunto de documentación pertencente ao ámbito público, nomeadamente de carácter procesual.

³ De natureza persoal ou institucional, ben de condición civil (docs. 8, 9 e 14), eclesiástica (docs. 5, 6, 7, 10, 11, 12 e 13), real, etc.

⁴ A habilitación do romance na documentación notarial é xeral a partir de 1255, se ben esta situación non resulta abrupta en relación ao período que lle precede. Con anterioridade o hibridismo latino-romance é frecuente desde as primeiras décadas do século, especialmente na documentación 'dispositiva' relativa ao campo tipolóxico que aquí se estuda e, particularmente, nos contratos enfitéuticos (recapitulación en Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007: 131).

⁵ Tales como: as características especiais, a nivel diplomático e tipolóxico, das mandas testamentarias (§ 3) e a situación de 'alternancia' entre os códigos latino e romance presente nos documentos dispositivos (§ 4.2).

obxectivos deste traballo abonda con acoutar un eixo temporal aproximado, sempre que este se poida situar dentro do período cronolóxico previsto⁶. En segundo lugar, a maior parte dos textos escolmados forman parte de cartularios; isto é, no seu momento foron obxecto de compilación nos rexistros documentais, neste caso eclesiásticos⁷. Non obstante -e isto é fundamental- unicamente recollín os diplomas integrados no momento de redacción do corpo principal do tomo⁸.

Para o comentario lingüístico e diplomático destes textos dou por suposto, tal e como se veu constantando na documentación latina altomedieval, que o romanceamento se fixo patente con moita máis prontitude e celeridade no nivel sintáctico e no código onomástico⁹; por esta razón darei prioridade expositiva a aqueles outros planos lingüísticos (especialmente o grafo-fonémico) que permiten estimar e valorar con maior precisión a progresiva autonomía do romance.

Por outra banda, debido á amálgama de trazos latinos e romances presentes nestes diplomas, considero en principio latina calquera forma "neutra" ou non marcada; isto é, que non posúe trazos específica e exclusivamente reinterpretables como romances. Isto quere dicir que formas do tipo *filio* (doc. 5 ls. 2, 4, 5, 7, 8) ou *mulier* (l. 7) non deberían ser contempladas na análise

⁶ Con todo, nalgúns casos (docs. 7, 8, 13 e 14) dei cabida ás hipóteses propostas por Lorenzo (no prelo) e Souto Cabo (2006 e [2008]).

⁷ Vid. infra § 5, o dito en relación ao doc. 11.

⁸ O tomo de Toxos Outos (ed. Pérez Rodríguez 2004) foi realizado a finais do séc. XIII (a. 1289) baixo o mandato do abade don Sancho Eáns; os últimos documentos copiados no cartulario datan de 1284 e só un dos textos é posterior (a. 1334). O corpo orixinal do tomo chega ata o folio 192, na volta do cal comeza unha escritura diferente á do resto. Esta primeira escritura é de tipo carolina, mentres que os folios finais foron redactados nunha letra gótica cursiva que debe corresponder xa ao séc. XIV. O tomo de Vilanova de Lourenzá (eds. Rodríguez González e Rey Caíña 1992) contén documentación desde o séc. X (a. 922) ata a segunda metade do séc. XIII (a. 1266), momento no que se compila.

⁹ Concordo coa consideración de que este código posúe un notable grao de independencia en relación ao lingüístico (para Dieguez González 2000: 37, é un "código semiótico non lingüístico"); vid. Lorenzo 2003. Non obstante, tanto no caso da antroponimia como, sobre todo, da toponimia, farei referencia ás formas que, ao mesmo tempo, constitúen vocábulos comúns usuais.

que aquí fago¹⁰. A nivel grafo-fonémico, a contigüidade de <l> e mais <i> non ten por que ser necesariamente interpretada como un dígrafo con valor palatal.

casal de Pedro Manges cum sua *mulier*, casal de Pedro Rabom cum suas *filias* (ls. 6-7)

Mais neste, coma noutros moitos casos, o contexto (aquí a construción sintáctica) obríganos a ser prudentes á hora de consideralas dun ou doutro código lingüístico.


Antes de comezar o estudo da documentación, talvez cumpra lembrar sumariamente dous aspectos: por unha banda, a xénese do acto documental (§ 2), isto é, a conformación do acto negocial (*actio*) e mais do acto escrito (*conscriptio*) derivado deste; e, por outra, as distintas posibilidades derivadas da textualización do *negotium* canto aos seus posibles efectos xurídicos, ademais da dicotomía 'noticia'/'minuta' (§ 3). Tras unha serie de consideracións de orde tipolóxica e diplomática (§ 4), abordarei o comentario dos textos obxecto de edición (§ 5). Nunha última sección, ademais da transcripción dos textos (§ 7.1), expóñense as convencións gráficas empregadas e un aparato crítico coas precisións editoriais pertinentes (§ 7.2).

2. Xénese do acto documental

De acordo coa terminoloxía diplomática clásica, a *actio* e a *conscriptio* vertebran a xénese do acto documental. Na seguinte figura pódese recuperar de maneira esquemática a información que a seguir brevemente se desglosa¹¹.

¹⁰ Segundo Souto Cabo (2003b: 338), en referencia a Emiliano (2001), "tendo en conta que a escrita de base latina é preexistente e contígua, toda a unidade em aparencia neutra, isto é, sem marcas romances, sejam estas endógenas ou exógenas, derivadas do contexto, será, em princípio, qualificada como «latina»".

¹¹ Bono Huerta 1990: 11-50; Núñez Lagos 1951: 53-104; Riesco 1987, vol. II: 164-170; id. 1999: 233-244; id. 2003.



2.1. Acto negocial (actio)

Nunha primeira fase -a *actio*-, na que interaccionan exclusivamente as persoas aludidas (o concedente -por veces tamén o representante- e o concesionario¹²), ten lugar a declaración de vontade acerca dunha acción ou efecto xurídico (o *negotium*) contido no documento e da cal derivan os correspondentes dereitos e obrigas. Para os tratadistas medievais consiste no «tempus in quo ea facta sunt super quibus datur littera». Dentro da *actio* recoñécense diferentes fases, non todas imprescindibles

¹² Autor e destinatario na nomenclatura diplomática tradicional.

para a acción xurídica e que poden, ou ben (i) motivar o xurdimento do acto negocial, ou ben (ii) participar no proceso conducente á súa consecución.

(i) Motivación:

- *Petitio*. Consiste na solicitude -escrita ou oral- formulada polo futuro beneficiario do *negotium* -ou o seu representante- para que se tome no seu favor unha decisión.
- *Intercesio*. Consiste na intervención dun terceiro (*intercessor*) que recomenda e presenta as peticións do interesado.

(ii) Participación:

- *Interventio* (ou *consensus*). Trátase da participación de terceiras persoas na *actio* documental que, por diversas causas (p. ex. os dereitos de terceiros relacionados coa confirmación dun feito xurídico anterior), dan o seu consentimento ou conformidade ao negocio xurídico.
- *Testificatio*. É a relación dos nomes das testemuñas presentes no acto xurídico (*actio*), no acto escrito (*conscriptio*) ou en ambos, constatando así a existencia de dito(s) acto(s) e manifestando o seu asentimento. Esta circunstancia queda reflectida nas fórmulas de subscripción situadas no escatocolo do instrumento notarial; velaí algúns exemplos¹³:

Testes *que uirom este precto octorgar*: Martjn Sanchez, clerigo; dom Michael, clerigo; Fernando Fernandez, clerigo; e todos los octros clerigos do lugar (a. 1255).

Os *que presentes forom*: Domingo Eanes, capelam do moesteyro, *testimuya*, (...) et outros muytos *que o uirom e o oyrom* (a. 1282).

¹³ Os dous primeiros reflecten a existencia deste acto diplomático na *actio*, mentres que o terceiro fai referencia á *conscriptio*. AHN, Clero, A Coruña, Mosteiro de S. Paio de Antealtares, carp. 521, nº 4; id. carp. 522, nº 7; AA, Pergameos, Mosteiro de Sto. Estevo de Chouzán, caixón 3, carp. 1A, nº 7.

Os que foron presentes desta carta fazer: Martin Migejz, testjmua... (a. 1262).

Mais tamén se pode deixar constancia, neste caso da *testificatio* do acto negocial, no borrador previo á versión final do documento (vid. nota 25).

2.2. Acto escrito (Conscriptio)

O acto xurídico pode ser perfecto sen que se teña que recorrer á escritura, ou ben pode dar lugar ao establecemento do acto escrito. Esta segunda posibilidade constitúe a *conscriptio*: o «tempus in quo datur littera», isto é, a realización gráfica do documento. Dentro dela identifícanse diversas fases destinadas, ben á (i) preparación material da escriturización, ben á (ii) formalización da versión definitiva do documento:

(i) Preparación:

· *Iussio / rogatio*. É a solicitude -escrita ou verbal- por parte dos intervinientes na *actio* de que se consigne por escrito o acordo antes realizado. Dependendo da entidade de quen emane a solicitude, distínguese entre unha orde, se se trata dun soberano ou personaxe público, e un rogo, se se trata dun particular. En consecuencia, o primeiro terá que dirixirse á chancelería ou oficina ao seu servizo encargada da expedición documental, e o segundo a un escribán profesional (habitualmente chamado *rogatario*) ao que lle solicitará, como reflicte o seguinte exemplo¹⁴, a súa axuda para proceder ao establecemento do acto escrito.

Eu, Johan Dominguez, téete as uezes de Johan Perez, notario del Rey en terra de Lemos **por mandado e a rogo das partes** ffez esta carta partida per abc, e o signo de Iohan Perez y puyz que me el deu que tal éste en [testemu]yo de uerdade (a. 1299)

¹⁴ AA, Pergameos, Mosteiro de S. Fiz de Cangas, caixón 1, carp. 4, nº 1.

- *Imbreviatio*. A escrituración da *actio* supón a expresión nítida do negocio xurídico e, polo tanto, as fórmulas que se inclúen deben expoñer sen ambigüidade o asunto que se tenta documentar. Esta é unha das razóns polas que, antes de redactar a versión definitiva do documento, o amanuense recollía os elementos informativos necesarios para, posteriormente, proceder a encher o formulario habitual, de acordo coas regras diplomáticas vixentes.

Este bosquejo inicial, previo ao “*instrumentum confectum*”, constitúe o que habitualmente se denomina *minuta* que, na documentación particular e con carácter xeral desde o s. XII, os notarios redactaban nunha folla á parte. Con anterioridade, estes borradores non eran máis ca exiguas anotacións das partes esenciais do contrato (nome das partes, breve sinopse do *negotium*, data e testemuñas presentes), apuntadas no dorso ou nas propias marxes do pergamiño sobre o que, posteriormente, un amanuense redactaría a versión definitiva¹⁵.

(ii) Formalización do documento definitivo:

- *Ingrossatio* ou *mundum*. Unha vez revisado e corrixido este escrito preparatorio, procedíase “*in grossam litteram*” á realización do *mundum*, isto é: a posta en limpo da minuta, ou o que é o mesmo, a expedición ou *grossa* do acto escrito (levada a cabo por un *grossator*). Considérase, xa que logo, que esta transcripción definitiva é unha “paráfrase” do contido da minuta acomodada ás regras diplomáticas do esqueleto formulístico empregado polo notario¹⁶.

¹⁵ Existen aínda hoxe documentos que conservan estas notas marxinais, mais noutros casos tales anotacións perdéronse debido á regularización do corte do pergamiño, efectuado unha vez posto en limpo o documento (Vázquez Bertomeu 2001: 40-41; Núñez Lagos 1951; Bono Huerta 1999). Vid. Gutiérrez Pichel 2008: nota 7.

¹⁶ En Gutiérrez Pichel 2008: § 1.3, inclúense tres diplomas ‘dispositivos’ que ilustran a adecuación da minuta ao proceso de *ingrossatio* ou *mundum*.

- *Recognitio*. Un vez posto en limpo, teoricamente o documento debía ser revisado para comprobar se a redacción era correcta¹⁷ e se respondía ás intencións dos autores xurídicos ou morais do *negotium*.
- *Registratio*. É o procedemento polo cal se transcribe, íntegro ou por extracto, o texto ou o contido dos actos a medida que son expedidos ou recibidos.
- *Validatio e autenticatio*. A redacción en pública forma do contrato complétase coa validación notarial. A adaptación do contido da minuta á formulística diplomática do *mundum* supón agora a inclusión de diferentes marcas autenticatorias: a notificación, o desenvolvemento completo das renunciadas e sancións pertinentes, a roboración, a confirmación das testemuñas, a(s) subscripción(s) notarial(is) e diversos procedementos de autenticación (signo, selo, quirógrafos), etc. Todas elas son formalidades diplomáticas necesarias para que o documento posúa valor executorio e probatorio¹⁸.

3. Efecto xurídico. Dicotomía 'minuta' / 'noticia'.

Por outra parte, segundo a natureza xurídica do *negotium* mantense a distinción, operativa desde a época romana, de *notitia* e *charta*. A primeira etiqueta identifícase cos escritos exclusivamente probatorios, mentres que a segunda se aplica aos documentos dispositivos¹⁹.

¹⁷ A relectura desta *grossa* podía supor a detección de erros escriturarios de diverso tipo; en ocasións o notario-corrector/revisor advertía explicitamente desta circunstancia: "Eu, Affonso Eanes, notario publico del rey enos coutos de Monfero [...] aqui pono meu nome e sinal que tal he. Vay hun ueruo a dez rregas et terça hu diz «herdades» e non le empesca ca fuy erro do escriuam. Affomso Eanes, notario" (a. 1415; Martínez Salazar 1911: 134, nº 62).

¹⁸ Fóra da *conscriptio* sitúase a entrega do documento ao destinatario ou ao seu representante (*traditio*).

¹⁹ 'Chartae / carte' e 'notitiae / notizie' é a nomenclatura empregada pola tradición xermano-italiana para os documentos dispositivos e probatorios

a) Documentación **non dispositiva**. Son documentos de proba: aqueles nos que non existe vínculo entre a "res transacta" e as consecuencias do feito xurídico para o que potencialmente foron labrados. Non precisan ser validados porque non se erixen en actos xurídicos e, como consecuencia, non teñen efectos legais directos.

b) Documentación **dispositiva**. Son instrumentos notariais cuxa formalidade diplomática é indispensable para que o acto negocial declarado (v. gr. compra-venda, foro, arrendamento, doazón, permuta, avinza, etc.) poida ter repercusións xurídicas. Como consecuencia disto o referendo característico destes diplomas, situado tanto no escatocolo -máis frecuente- coma no protocolo, é o que lle confire forma xurídica -autenticidade e efectividade- ao documento.

Segundo a relación lóxica que se establece entre a natureza xurídica e o estadio de conformación do acto documental, a situación esperable sería, por unha parte, que a *imbreviatio* orixinara unha minuta convertible a posteriori en *grossa* e, por outra banda, que a confección do *mundum* supuxera a expedición dun texto dispositivo en toda regra. Agora ben, é preciso facer a seguinte aclaración tocante á relación existente entre:

a) documento 'dispositivo' e 'non dispositivo' (probatorio/preparatorio)

b) documento 'definitivo' (probatorio) e 'non definitivo' (preparatorio)

Canto ao primeiro, existen determinadas tipoloxías en principio tipicamente dispositivas pero que se aproximan en gran medida aos documentos de carácter preparatorio e/ou probatorio. Dentro da tipoloxía dos actos particulares e, máis

respectivamente (Paoli 1942: 19). O mesmo acontece na tradición francesa, v. gr. o diplomata Alain de Bouïard (1929: 49): "dès le V^e siècle de notre ère, la *carta* (acte dispositif) s'opposait à la *notitia* (acte probatoire)". Aínda que de nomenclatura moi diversa (*notitia*, *adnotatio*, *memoratorium*, *notitia recordationis*, *notitia brevis*, *breve* vs. *charta*, *epistola*, *testamentum*), certamente a partir da dita centuria atéstase a coexistencia destas dúas clases documentais diferenciadas.

concretamente, do ámbito familiar, un exemplo desta situación a medio camiño entre as dúas etapas da *conscriptio* documental é a manda ou testamento. O marcado carácter testemuñal e de perpetuidade deste tipo documental vén determinado pola flexibilidade e variabilidade, tanto en contido como en forma, do seu espazo dispositivo, tendencialmente extenso. Dentro da produción textual portuguesa consérvanse²⁰ mandas testamentarias que demostran que a *actio* podía dar lugar á xeración de dous tipos de diplomas: dispositivos e probatorios, xa que moitos dos conservados non posúen ningún sinal de validación e, polo tanto, nunca serían redactados “en limpo” polo *grossator*.

É exemplo da segunda possibilidade [o xurdimento dun documento probatorio] a «notícia de manda» de Margarida Garcia [...] Idêntica natureza tem un documento, sem data, do mosteiro de Vairão (maço 2, nº 38) que se intitula «memória»: «hec est memoria de testamento de *domina* auro». Talvez tenham existido «versões dispositivas» dos mesmos testamentos, mas pode também acontecer que enquanto actos jurídicos nunca tenham chegado à fase de *conscriptio*, ou seja, da formalização por escrito. Que os testamentos, enquanto diplomas, podiam retirar valor legal de formas de validação externa é sugerido pelo facto de un número significativo de documentos deste tipo, entre os que chegaram até nós, não apresentar nomes de testemunhas. (Martins 1999: 498).

É interessante notar que o primeiro dos rótulos [*notitja*], além de designar um espécimen pelo conteúdo, parece sinalar também o carácter menos formal do mesmo. De facto, a *Notícia de Vermudo Guterres* (B1) seria propriamente uma «manda» assim como a de Pedro Alvites (B3). Isto evidencia que se tinha consciéncia da possibilidade de as tipologias próximas dos testamentos poderem apresentar a configuração de documentos de prova. (Souto Cabo 2003b: 335).

Neste sentido, coido interesante incluír a transcripción do doc. nº 1 do apéndice. É un testamento romance (a. 1266) no que,

²⁰ Guerra (1996: 213-19), Martins (1999: 498, 2001: 30-32), Souto Cabo (2003b: 335).

malia incluír no protocolo a data crónica e un conciso protocolo (coa notificación: "Conoszuda cosa sea...", o nome do testador e a fórmula dispositiva: "fazo mia manda"), non hai pegada da subscrición notarial. Unicamente, contra ao final (ls. 20-22), o clérigo manifesta o rogo a un dos beneficiarios de que se consigne por escrito as súas últimas vontades. Todo parece indicar que este texto non é máis ca un escrito preparatorio da posterior *grossa* notarial; e posiblemente haxa que consideralo como unha segunda minuta, redactada a partir dunha nota previa, na que se inclúen algúns dos espazos protocolarios presentes no ulterior *instrumentum*. O documento remata coa cláusula "Que p(re)sentes furon", fórmula que, neste caso, posiblemente se refira a materialización da *testificatio* do acto xurídico, e non do escrito (vid. § 2.1.ii e nota 25). O doc. nº 2 incluído no apéndice é unha manda talvez de finais do séc. XII escrita en latín mais con romanceamentos morfosintácticos notables (ls. 7-8). Este texto achégase máis nitidamente ás características típicas da documentación probatoria e que irei expoñendo ao longo do traballo.

En relación á segunda cuestión, pódese afirmar, xa que logo, que estes dous primeiros diplomas son textos 'nondispositivos' (non presentan validación notarial), pero tamén 'non definitivos' xa que semella, especialmente o primeiro, que unicamente son bosquejos que deberán ser actualizados coa *validatio* e *autenticatio*. No entanto, o resto dos diplomas incluídos no apéndice (docs. 3-14), malia a súa intranscendencia xurídica, distínguense por seren 'definitivos' canto á finalidade para a que foron redactados. Con isto quero dicir que certamente é falsa consideración de que o documento 'non dispositivo' é por regra xeral un texto 'preparatorio' previo a un hipotético *mundum* ulterior²¹. A textualización dun evento ou acto negocial pode conformarse como un acto escrito perfecto en si mesmo, por canto tiver exclusivamente finalidade reminiscente, isto é, carácter testemuñal ou 'probatorio'.

²¹ Recapitulación en Martins 2007: 164.

É neste sentido que, em meu entender, se deve pôr de lado a ideia tradicional de que uma 'notícia', tal como foi repetidamente referido a propósito da *Noticia de Torto*, é um documento preparatório, uma minuta ou rascunho de um hipotético *mundum* perdido. E, sim, un documento final que não obedece, pelas próprias características do género diplomático, às normas aplicáveis aos documentos dispositivos. (Pedro 2004: 75).

Así pois, conclúese que na documentación 'non dispositiva' deben discriminarse:

a) Diplomas con carácter **probatorio** ('noticia'). Trátase de rexistros descritivo-narrativos que integran información de diversa índole (vid. infra) coa finalidade de constatar e/ou perpetuar a súa lembranza, ou, por outra parte, de servir de testemuño sobre a dita materia se for necesario posteriormente. A confección dunha *noticia* constitúe en si mesmo, polo tanto, un documento final. A ilimitada riqueza do seu contido pódese reorganizar nestas dúas agrupacións, cuxo denominador común é, por unha banda, o interese público (frecuentemente procesual) e, por outra o interese privado ou particular:

i) relato de diferentes eventos ou feitos xurídicos (ex. relato procesual dun preito ou contenda, dunha arbitrase, avinza, etc.).

ii) reconto e/ou descrición de diversos ítems cuantificables (ex. inventario de propiedades, rendas, débedas, servos, etc.). Certamente debemos situar aquí os testamentos ou mandas (non validados), xa que, no fondo, non son máis ca listaxes de últimas disposicións. Os textos reproducidos no apéndice pertencen a este subconxunto. Exemplos de 'noticias', asimilables especialmente a este segunda clase tipolóxica, atopámoslos desde a Antigüidade clásica, como dan conta a *Notitia Dignitatum* (ca. 395- 425) ou a *Notitia Galliarum* (do séc. V)²².

²² O primeiro inventario resultou fundamental para o estudo da organización militar do Imperio Romano, xa que ofrece unha relación dos cargos oficiais e administrativos do Imperio do Oriente e do Occidente. A *Notitia Galliarum*, pola súa banda, dá conta das 17 provincias e 115 cidades que integran as Galias no Imperio Romano antigo.

b) Diplomas con carácter **preparatorio** ('*minuta*'). Trátase do borrador previo ao *instrumentum* notarial, polo tanto é un texto redactado simultaneamente co decurso do acto xurídico que documenta (*imbreviatio*; vid. § 2.2.i). Dependendo da materia tratada e das condicións impostas, ademais de, naturalmente, o costume escriturario do *auctor* ou da notaría á que pertence, este bosquejo inicial poderá ser máis ou menos formulístico; isto é, poderá integrar un maior ou menor número de cláusulas (frecuentemente etceteradas) asimilables ao seu *mundum* ou posta en limpo.

4. Aspectos tipolóxicos e diplomáticos

4.1. Desde o punto de vista tipolóxico, cabe falar en primeiro lugar da documentación privada -por tanto, de interese particular- pertencente ao ámbito da xestión patrimonial e/ou económica, cuxa finalidade primordial é a de perpetuar a lembranza da facenda e do pecunio. Á vista da escolma documental aquí presentada, distínguense dous subtipos básicos:

a) Inventarios de bens e/ou propiedades pertencentes a unha institución, no noso caso eclesiástica (monacal). Neste subtipo é frecuente que, ademais do esquemático reconto de propiedades (doc. nº 5), sexa prioritario o esclarecemento da extensión e lindes das herdades obxecto de "renembranza" (nº 6, 7, 10). Nos textos romances atopamos unha rica variedade terminolóxica referida a esta circunstancia²³: *acoutamento*, *couto*, *delimitaçom*, *departença*, *departimento*, *deslinde*, *devisaçon*, *partiçon*, etc. Velái a referencia arquivística destes exemplos:

AHN, Códices, Mosteiro de Vilanova de Lourenzá, 1044, fol. Iir (2º fol. do tomo, non numerado; deslinde da herdade de Remourelle), 135v (deslinde do couto de Masma); AHN, Códices, Mosteiro de Toxos Outos, 1002, fols. 141r (deslinde da herdade de Senra), 186r (deslinde do couto de Espiñeiredo),

²³ Para unha aproximación á nomenclatura desta tipoloxía a partir das bases textuais do TMILG vid. Martínez Lema (2008a): § 3.

194v (deslinde dunha vila na freguesía de S. Fiz de Brión), 196v (deslinde da herdade de Condimiñas).

Noutros casos estes inventarios adquiren un carácter máis narrativo ao constituírense como relatos circunstanciados de operacións patrimoniais dunha institución ou dun particular (nº 8, 9, 12, 14).

Exs. na documentación romance: AHN, Códices, Mosteiro de Toxos Outos, 1002B, fols. 193r-194r (inventario de propiedades que o mosteiro de Toxos Outos cedeu a cabaleiros); 194v (relato de cambio e compra de parte da igrexa de S. Vicente de Augas Santas por parte dun particular e o mosteiro de Toxos Outos).

b) Un segundo subgrupo de textos céntrase na salvagarda de información exclusivamente económica. Trátase de inventarios nos que se rexistran diversos aspectos relacionados coa estrita organización facendeira e pecuniaria (nº 11): noticias de beneficios (rendas, parcerías, aniversarios, etc.), gastos (nº 13), fundación de procesións, rexistro de compravendas, etc.

Exs. na documentación romance: AHN, Clero, Papeis, A Coruña, carp. 1934, nº 1.1.4, fol. 11r (noticia da recadación das rendas de Sta. María de Gastrar para o mosteiro de S. Paio de Antealtares). AHN, Códices, Catedral de Lugo, 416, fols. fol. 9r (noticia de aniversarios da Catedral), 12r (noticia de rendas do cabido), 57r (memorial de procesións fundadas na Catedral); id., 417, fol. 54v (memorial das procesións feitas por don Fr. Pedro López da Orde dos Pregadores de Lugo). AHN, Códices, Mosteiro de Vilanova de Lourenzá, 1044, fol. 147r (noticia do padroado de Sto. Tomé); id. 181, fols. 1r (pesquisa sobre os préstamos que ten o mosteiro), 1v (noticia de vendas da capela de Sta. Catalina do mosteiro de Lourenzá), 12v (noticia de débedas das vilas de Pastoriza e Montouto), 16v (noticia dos padroádegos que certas igrexas lle deben ao mosteiro), 86v-87r. (noticia de débedas da vila de Pereiras).

Por outra banda, a motivación dos documentos de índole xudicial responde maiormente a un fin probatorio do proceso e

o seu interese é público. A pesquisa²⁴ e o relato procesual, son os tipos documentais máis frecuentes.

Exs. en documentación romance²⁵: AHN, Clero, Mosteiro de Melón, carp. 1448, nº 2 (a. 1255, probanza aducida polo abade do mosteiro); Clero, A Coruña, carp. 557, nº 25 -1º fragmento- e ARG, Pergameos, nº 112 -2ª fragmento- (a. 1271, probanza aducida por Pedro Fernández de Carelle sobre o título da novena parte da vila de Xiá); Clero, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carp. 1082, nº 18 (s.d. [1º terzo do séc. XIII], relato de contenda patrimonial entre Pedro Fermoso e Orraca Domínguez); id., carp. 1088, nº 7 (a. 1258, relato de contenda entre abade do mosteiro e varios particulares).

4.2. Segundo a súa natureza xurídica, tal e como xa foi dito, os textos presentados neste traballo defínense polo seu carácter esencialmente probatorio e/ou preparatorio. A nivel diplomático esta circunstancia reflíctese, en xeral, na ausencia da subscrición do notario e das testemuñas²⁶, habitualmente situada no escatocolo. A maior parte das veces isto tamén acontece coa data (crónica e tópica), aínda que non sempre²⁷ (doc. nº 9). O contido

²⁴ O mecanismo inquisitivo da *pesquisa* (e equivalentes: *enquisa*, *esquisa*, *peresquisa*, *perenquisa*, *inquisicon*, etc.) resulta imprescindible como proba procesual, mais o seu uso resulta igualmente evidente na procura de información de interese estritamente particular, sen que por iso medie unha autoridade pública (Gutiérrez Pichel 2008: § 1.4). Desta segunda circunstancia dá conta o doc. 8 do apéndice: "In Aruosagro de iusano: quanto *exquiseren* de Petro Luce" (ls. 12-13).

²⁵ Ofrécese transcripción de todos estes diplomas en Gutiérrez Pichel 2008: § 6.2.

²⁶ Refírome ás testemuñas que asisten á unha hipotética e ulterior autenticación do diploma (*autenticatio* e *validatio*) unha vez conformada o *mundum*, non ás que puideron estar presentes no momento da *actio* xunto cos intervinientes máis directos, isto é, na *testificatio* propiamente dita. Este é o caso, por exemplo, do doc. 9, onde se deixa constancia do deslinde realizado por dona *Tarecsa Roderici* co consello dos seus fillos e en presenza "bonorum hominum". En documentos romances, tamén atopamos esta circunstancia, v. gr: AHN, Clero, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carp. 1082, nº 18; AHN, Códices, Mosteiro de Toxos Outos, 1002, fol. 196v.

²⁷ Especialmente nos escritos de interese público e, de xeito particular, nos procesuais. Exs. en documentación romance: AHN, Clero, Mosteiro de

deles, xa que logo, queda limitado á súa parte esencial (a dispositiva) e os espazos máis formalizados, como veremos a continuación, non son necesarios, polo que, ou ben non aparecen²⁸ (ex. nº 6) ou quedan limitados, en xeral, a un exiguo protocolo composto por unha breve *intitulatio* onde se fai a identificación inicial do acto diplomático:

Hec sunt *noticia* hominum uel casalium *que* debet habere Uillainoua in *Sancta* Eulalia; *Noticia* de hereditate *que* habet monasterium Uilleinoue in *Sancta* Eolalia (nº 5).

Hec est *noticia* de terras *que* iacent in Uilla Cezar (nº 7)

Hec est *noticia* de ereditate de Ospitale *que* donauit ille Pelagio Martin(i)z *et* sua mulier dona Gontrode (nº 8).

Cognoscan *igitur* tam *presentis* quam *futuris* quod ego (...) de *parte* sua hereditate dos herdecros (nº 9).

Fformaran *cum* suis terminis (nº 10).

Hec est *noticia* de renda monasterium Uilleinoue de Laurenzana; Hec est *noticia* de ganato de conuentu; Hec est *noticia* de parzaria (nº 11).

Hec est *noticia* de *quinionibus* quos habet monasterium *Sancti* Justi in *ecclesia* Tar(a)gonio (nº 12).

Jsta é a nodiça do *que* despendeo o celareyro en dineyros (nº 13).

Esta é a rrenembranza das herdades *que* dom Munyo Fernandez de Rodeyro conprou e concanbeou e gaanou (nº 14).

4.3. Canto á disposición do elemento vernáculo no corpo textual latino, este emerxe preferentemente nos espazos sometidos en menor medida á formulística xurídico-literaria latina;

Isto pode acontecer, por un lado, nos documentos de prova (por oposición aos dispositivos), modalidade a que pertencem

Melón, carp. 1448, nº 2 (1255, Agosto, 23); AHN, Clero, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carp. 1088, nº 7 (1258, Setembro, 17); AHN, Clero, A Coruña, carp. 557, nº 25 | ARG, Pergameos, nº 112 (1271, Maio, 31).

²⁸ Evidentemente non estou tomando en conta as anotacións ou rexestos incluídos con posterioridade á redacción da noticia, moi frecuente nos cartularios (vid. § 7.2.4, 7.2.5, 7.2.9, 7.2.10).

fundamentalmente as noticias e outras tipoloxías análogas como fintos e testamentos (...); por outro, em determinados segmentos do discurso diplomático de contido variábel, sobretudo na parte dispositiva (Souto Cabo 2003b: 332).

Tal e como poderemos comprobar, nos textos de carácter non-dispositivo, debido a que están constituídos tipicamente por secuencias narrativas ou elecos (vid. supra), o romance xorde de maneira dispersa no texto mesturándose de xeito heteroxéneo co elemento latino. A disposición do elemento romance nestes textos é habitualmente máis xeral e difusa ca na documentación dispositiva, onde o romanceamento se concentra en masas compactas no seo, precisamente tamén, da parte máis variable e permeable -á actuación- do documento²⁹.

A parte variábel do texto dos diplomas, correspondendo aos «espazos por preencher» dos formulários incluí, esencialmente, além da identificación do autor e do destinatario do acto, a parte dispositiva do documento. É por iso aí, onde o texto escrito, por veces, non reproduce palabras ou frases feitas, que desde mais cedo emergem novas tendencias de representación gráfica que escapan ás coordenadas scriptográficas latino-notariais. (Martins 1999: 495).

Así pois, dependendo do grao de condicionamento no que un texto se produce canto á maior ou menor rixidez do seu discurso diplomático, podemos falar de 'alternancia' e 'mistura' (hibridismo propiamente dito ou, nun sentido amplo, 'bilingüismo' latino-romance) de códigos lingüísticos na documentación dispositiva e non-dispositiva respectivamente³⁰.

²⁹ En Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007 (§ 4, pp. 147-153) estudamos en detalle esta cuestión, ilustrando os diferentes espazos diplomáticos dentro da estrutura latina nos que o romance penetra con maior ou menor frecuencia.

³⁰ Monteagudo (2007: 287-8) en referencia aos diversos traballos de Souto Cabo sobre esta cuestión (2003ab, 2004) lembra a vinculación desta dicotomía 'alternancia'/'mistura' de códigos cos fenómenos resultantes do contacto de linguas denominados pola sociolingüística como *code switching* e *code mixing*, respectivamente; se ben os estudos sobre este fenómeno versan case

Ilustrarei esta consideración con dous documentos (nº 3 e 4 do apéndice) ben separados no tempo dentro do período de emerxencia. Neles pódese advertir como, dentro da arquitectura latina, os trazos grafo-fonémicos innovadores afloran nos espazos diplomáticos menos estereotipados (a *dispositio*) e onde o acto documental amosa a súa personalidade propia, debido a especificación do acto xurídico. Isto acontece especialmente nas indicacións relativas á localización e descrición espacial das propiedades obxecto de transacción (docs. 3 e 4a), e na referencia á contribución ou canon estipulado nun determinado *negotium* (doc. 4b)³¹. Deste xeito a inclusión de construcións romances (no plano pronominal, adverbial, preposicional e verbal) vai artellando o esclarecemento exacto das herdades en cuestión e das especies de pagamento pertinentes:

ffacimus cartulam uendicionis (...) d' ipsa nostra propria una leyra de su a uila do Castro et ipsa leyra Afunso Fagundi, cumu deiparte de erdade da uila e fer en Corneda cuncurente fluuiu De<z>um concurente ad ecclesiam Sanctj Saluatoris (doc. 3, ls. 3-7).

damus et conced[im]us uobis (...) quamta hereditate habemus alende o Rio de Cereysa, dela careira que uay pora Castro atroen no nosso agro do casar de Nugueiras; foras inde ha cortina de Corraes que ten Maria Canelas cabo ao orto de Santo Laurenzo e otros dos cortineiros que ten Sancha Petri in Santo Laurenzo e quanta inde non ten o nosso casar de Nugeiras cun sua fructa; e mas uos damos o orto de Santo Laurenzo e la meadade da costa e do castro de Santo Laurenzo, e desta parte medietatem de dos nugeiras e de una castaneira e as meas das cerdeyras, sacadas inde as [---]na e as d' ante á casa que eu fazo ao rio (doc. 4a, ls. 2-8).

detis inde de illa nobis uel uocj nostre uenerit quartam partem per nostrum hominem (...) semeade totum terenum de serodas, et pro ipso nabal e por orto e por fructa detis annuatjm VJ soldos de

exclusivamente sobre a interacción oral (id. nota 3).

³¹ Para as características relativas á estruturación interna e á expresión lingüística destes treitos diplomáticos en textos galegos (especialmente nos contratos enfitéuticos) remito ao traballo de Martínez Lema (2008b).

renda in die Sancti Iohannis Bapstise e J soldo de heyradigo, et detis annuatjm in die Sancti Micahelis [---] et de Sanctj Martinj IIIJ^{or} dineiradas de pan et J gallinam bonam, e do chando que ibj feceritis detis nobis uel uocj nostre IIIJ^a partem (doc. 4b, ls. 10-14).

5. *Ámbito privado da xestión patrimonial elou económica*

Neste grupo temático pódese advertir nitidamente un progresivo e inminente "contaxio" da *scripta* romance nos moldes escriturarios tradicionais. Isto é o que acontece en centos de textos latinos, como no doc. nº 5 do apéndice, unha *noticia hominum uel casalium* e *noticia de hereditate* do mosteiro de Vila-nova de Lourenzá en Santa Eulalia. Neste primeiro exemplo o elemento innovador límitase aos substantivos referentes ao contido básico do documento (passim *casal*, ls. 2, 12 *netos*; cfr. ls. 4, 6 *homines*) e á solicitada utilización do sistema preposicional en detrimento do caso latino, se ben non sistemática (l. 5 *nobis*) e vetada nos espazos diplomáticos máis formulísticos (intitulatio: *hominum uel casalium*).

O doc. nº 6 é outro inventario de propiedades do dito mosteiro no casal de Biduedo. Neste texto, ademais dunha maior ocorrencia de substantivos inequivocamente reinterpretables como romances (l. 2 *carcaua*, l. 5 *Castineyra*, ls. 8-9 *comarum*, l. 6 *deuesa*, ls. 3-4 *leyras marcadas*, l. 7 *pradeyro*, l. 4 *regum*, l. 5 *todo*, l. 1 *uilar*, ls. 2, 4 *veyga*) e a usual alternancia cos equivalentes latinos (l. 1 *toto*, l. 1 *uilare*), atopámonos coa forma verbal³² *departen* e a preposición *cabo* presente nunha indicación espacial (ls. 5-6 *todo cabo deuesa*), construción tan frecuente nos treitos dispositivos³³. En contraposición, observamos o maioritario emprego de nexos espaciais latinos: *iacet subtus (...)* *preter* (ls. 2-3), *quomodo vadit ad (...)* *quomodo iacent* (l. 5-6, 8), *per quodam* (ls. 6-7).

A continuación, refirireime a outros tres inventarios nos que se evidencia unha presenza aínda máis nítida da *scripta*

³² Vid. infra, o dito para os docs. 7 a 11.

³³ Vid. supra, § 4.3, o dito para os docs. 3 e 4.

innovadora romance, en dous sentidos: canto á súa disposición na armazón latina ('mestura' vs. 'alternancia') e a habilitación de categorías gramaticais en principio menos permeables ao romanceamento (monemas verbais). Os documentos en cuestión son, por unha parte, dúas *noticias* situadas entre o segundo terzo e a última década do séc. XII: a *noticia de terras* de Vila Cesar pertencentes, de novo, ao mosteiro de Vilanova de Lourenzá (nº 7) e a *noticia de herdades* ofrecidas por un particular (Paio Martíns e dona Gontrode "deo uota") ao mosteiro de Vilanova de Dozón (nº 8); por último, a mediados do século seguinte (a. 1246) atopamos a partizón das herdades de Tareixa Rodríguez (nº 9). Nestes tres inventarios observamos un conxunto significativo de ocorrencias exclusivamente romances a nivel grafo-fonémico. Estes trazos reflíctense en maior proporción no ámbito (pro)nominal conxuntamente coa estrutura adverbial-preposicional (visible nos treitos de estrita delimitación espacial). Con todo, cómpre reparar na aínda descompensada proporción de ocorrencias romances vs. latinas:

No doc. 7 atopamos formas nominais romances como as seguintes: *agra* (l. 5), *Caruceyro* (l. 2), *casal* (ls. 7, 10, 11), *cortinas* (l. 8), *istu* (l. 4), *moesteyro* (ls. 4-5, 8; cfr. *monasterio*), *Porteyro*, *prestamo* (l. 6), *Siara* (l. 9), *sou* (l. 2), *todo* (l. 10; cfr. *toto*), etc. Formas latinas: *aqua* (l. 9), *hereditate* (ls. 3 [3], 4, 6, 7), *mare* (l. 9), *monasterio* (ls. 2-3, 10, 11), *toto/a* (ls. 3 [3], 4, 6, 8); as formas *seruicium* e *humilitatem* (l. 11) aparecen nunha construción formulística final. É especialmente frecuente nos textos desta época a aparencia alatinada -por veces falsamente etimolóxicade certas formas romances: *directu/directo* (ls. 2 [2], 4, 8, 10), *Oucteyro* (l. 4), *Uecga* (ls. 3-4). Por outra parte, o gurgullo da nova *scripta* déixase sentir nas construcións que máis especificamente sitúan as lindes das terras (cfr. preps./advs. latinos: *in, cum, usque, indē, ad, vnde*), onde é significativo o uso pronominal:

dilus corragos usque in Caruceyro d' Agrilo u directo do monasterio (ls. 2-3).

dis istu usque in Lago Mortu directo do moesteyro dela ag\r/a du cotu usque... (ls. 4-5).

Jinna Siara: toto directo do moesteyro (l. 8).

No doc. 8 rexístranse en menor medida formas nominais romances: *aquele* (l. 6), *arras* (l. 4), *casar(e)* (ls. 6-7, 14, 15, 20 [2]), *dona* (l. 3), *marido* (ls. 6, 7, 10, 12), o alatinado *quasa* (l. 18), *sagro* (ls. 11 [2]), (*de*) *susanoliusano* (ls. 11-13); formas latinas: *Deo uota* (l. 3), *ereditate* (l. 1), *Ospitale* (l. 1), *Sancti* (l. 14).

A proporción de romanceamentos nominais en relación ás formas latinas no doc. 9 e máis equilibrada: *abade* (l. 7), *agro* (l. 11), *cabeça* (l. 7), *casal* (l. 10), *Conde* (l. 3), *don* (ls. 2, 4), *dona* (ls. 5, 8, 9, 10; cfr. *domna*³⁴), *h/erdecros* (ls. 4, 7; cfr. *hereditate*) *Prado* (l. 2), *Senra* (l. 11); formas latinas: *alia/os* (ls. 3, 7, 8, 9), *consilio* (ls. 1-2), *hereditate* (ls. 4, 10; cfr. *h/erdecros*), *marito* (l. 4), *ominis* (l. 3), *patre* (l. 4), *racione* (ls. 6-7, 11), *suo* (l. 4 [2]), *uoce* (l. 12). A este nivel, o interese do texto radica nas ocorrencias pronominais:

de parte sua *hereditate* dos *herdecros*, a qual *comprai* suo *patre* (l. 4).

da III d' Os Calutus leua III^a *pro* Pelagius Romano (ls. 5-6).

a suas *gentes* *agro* da *Senra pro* LXXX^{ta} sl. menos *inde* u *decimo* (l. 11).

comparoc *dona* Tarecsa *racione* de Munio Martinj, *dictu* *Ecrigo*, *inu* *camino* (ls. 11-12).

Máis significativa para decidirmos o estatuto idiomático dos dous primeiros textos é a análise do que acontece no ámbito verbal. En efecto, o dato decisivo para interpretar estes dous documentos como híbridos (e non como romances) é o limitado número de ocorrencias verbais con flexión romance en contraposición co frecuente emprego da raíz e flexión latinas. No doc. 7 atopamos unha única forma romance (l. 7 "*casal que tiuu* Petrus Aluariz *cum* suas *cortinas*"), fronte ás cinco ocorrencias clásicas (l. 1 *est*, *iacent*; l. 11 *debet*, *habere*; l. 6 *tenet*), se ben todas agás a última se atopan en espazos diplomáticos de carácter

³⁴ Téñase en conta que a forma latina non aparece como plena, senón abreviada (*domna*, ls. 1, 6, 7, 9); de feito é discutible o suposto valor abreviativo da lineta superior neste tipo de formas e nun texto destas características.

formulario³⁵. No doc. 8 a *scripta* romance xorde máis significativamente no ámbito verbal ca no nominal (vid. supra), xa que se rexistran tres ocorrencias con flexión romance (a última con raíz latina): *ei* (ls. 4, 18), *exquiseren* (l. 13; < perf. de EXQUIRO); mais segue a haber unha descompensación en relación coas formas latinas: *donauit* (l. 2), *est* (l. 1), *ganauit* (ls. 5, 7, 8, 10, 11, 19).

O documento 9, pola súa banda, é moi interesante canto ao ámbito verbal, e mesmo ofrece dificultades á hora de aceptalo como un documento híbrido latino-romance³⁶. En primeiro lugar, polo maior emprego de formas romances fronte ás latinas. Deseguido ofrezco aqueles vocábulos con reinterpretación idiomática inequívoca: romances: *á* (l. 5), *fui* (l. 10), *intra* (l. 6), *leua* (ls. 6 [2], 7, 8 [2], 9); latinas: *comparauit* (ls. 4-5, 10; cfr. *comprauit*, *comparoc*) *est* (ls. 6, 7, 9), *uendidit* (l. 9). En segundo lugar, rexístrase unha serie de formas verbais non plenas cuxo desenvolvemento é problemático nun texto cun grao de hibridismo tan alto coma este:

(i) Por unha parte, a lineta superior en “*cognoscã*” (l. 1) e “*faciã*” (l. 4) podémola interpretar como abreviativa da flexión latina (*cognoscant*, *faciant*) ou como representante da nasal implosiva (*cognoscan*, *facian*). Tendo en conta que a primeira forma se sitúa na notificación do texto, en xeral un dos espazos formulares menos permeables ao romance (vid. supra), poderíamos concluír que se trata do primeiro valor abreviativo. Non obstante, malia non haber ningún outro caso de P6 no texto (nin en romance nin en latín), talvez a segunda posibilidade interpretativa resulte a máis lóxica. Baséome na forma da l. 6, “*Fernã Petri*”, na que parece claro que ‘lineta superior + vogal final’ neste texto equivale a ‘vogal + consoante implosiva’ (‘*Fernan*’; e non ‘*Fernant*’ ou ‘*Fernandus*’).

(ii) Canto ao verbo *comprar*, a forma inequivocamente latina *comparauit* (2 ocorrencias) alterna con dúas variantes

³⁵ Repárese tamén en que todas elas están conxugadas nun tempo flaco (cfr. o perfecto da forma romance; vid. infra doc. 11).

³⁶ En Souto Cabo 2006 (doc. 9 da listaxe) o texto é considerado romance.

híbridas: unha con raíz romance -síncope da vogal pretónica- pero con flexión latina (l. 9 *comprauī*), e outra con raíz latina e flexión romance (l. 11 *comparoc*). A raíz da forma abreviada da l. 4 ("*comprauī*") interprétoa como romance, tendo en conta a forma plena da l. 9 e o usual valor abreviativo da vogal voada en secuencias similares a esta³⁷ ('r + vogal': "*laur^ador*", "*igreja*", "*pr^meyro*", "*outr^o*", etc).

O seguinte texto incluído no apéndice (n^o 10), unha noticia da extensión e lindes da herdade monástica de Formarán (Vilanova de Lourenzá), é outro exemplo da alternancia entre as formas romances e as latinas no ámbito verbal: unidas ao clítico, aparecen (ls. 2-3) as formas *separa(sse)* e *leua(se)* fronte ás clásicas (ls. 4-5) *iacet* e *figet* (repárese que nesta última o clítico non vai ligado ao verbo).

O doc. 11 da nosa escolma, debido en parte á súa extensión³⁸, amósanos un amplo conxunto de trazos grafo-fonémicos vernáculos no plano (pro)nominal e exhibe unha escasa mais significativa selección de formas verbais romances operativa nos treitos menos formulares. Deseguido fago unha selección representativa de vocábulos na que, para non exceder os límites da exposición, indico entre parénteses só o número de ocorrencias (non as liñas); de habelo sinalo tamén o equivalente latino e viceversa:

Plano (pro)nominal:

(i) formas romances: *almal(l)os* (4), *anillo/anilua/s* (3), *armi(n)tiol/s* (7), *bezero/bezirol/s* (7), *boleyro* (1), *burgo* (1), *ca(b/p)ritol/s* (2; crf. *capra/s*), *casal/casa* (7), *castañas* (3; cfr. *castaneas*), *celeiro* (7; cfr. *cellario*), *collectas* (2), *concanbja* (1), *criancia* (5), *d'octro* (1; cfr. *alio/a*), *dum* (1; crf. *domno/a*), *duzinas* (1),

³⁷ O resultado "*ar*" ou "*ar*", pola contra, é maioritario da lineta inferior (especialmente cruzando o hastil do <p>: "*departe*", "*paramento*") no primeiro caso, e da prolongación do apéndice superior do <a> cara á esquerda no segundo (se ben isto último se xeneraliza a partir do séc. XIV: "*procurar*").

³⁸ Abrangue as 246 liñas dos 6 folios nos que foi deitado. Por esta razón só podo ofrecer un fragmento dela no apéndice documental.

enfermaria (1), *ermas* (1), *fossadeyras* (1), *igriguáá* (1; cfr. *ecclesia*), *iouenco/als* (7), *iugaria/iugatas/iugueiros* (3), *moseios* (1), *octeiro/octo* (2), *ollas* (1), *orio/oriazas* (5), *pam* (8; cfr. *pane*), *parzaria* (2), *poltra* (1), *rego* (1), *regueifals* (2), *rego* (1), *renda* (4), *r(u/o)xelo/s* (15), *scanla* (4), *scudeyro* (1), *seara* (3), *sementj* (1), *sa(c/u)to/so(c/u)telou* (12), *soldarizas* (1), *suaregos* (1), *tenreiro/als* (6), *touro* (1), *trijgo/trijgais* (5; cfr. *trictico*).

(ii) formas latinas: *abbas* (1), *alio/a* (4; cfr. *d'octro*), *boue* (17), *canonico/s* (2), *capitulo* (1), *capra/s* (3; cfr. *cabrito/caprito*), *castaneas* (2; cfr. *castañas*), *cel(l)ario/um* (5; cfr. *celeiro*), *cibata* (2), *coquinario* (1), *domnola* (13; cfr. *dum*), *ecclesiam/s* (10; cfr. *igriguáá*), *equal/s* (4), *frater/res* (4) *ganato* (1), *herectas/hereditatem/s* (3), *homines* (2), *ligna* (2), *milex* (1), *monasterio/ij* (9), *opera* (1), *oues* (5), *pane* (2; cfr. *pam*), *rationibus* (1), *scolarius* (1), *suo/s* (11), *totum/o/als* (9), *trictico* (2; cfr. *trijgo/trijgais*), *uetulo* (1), *uocel/j* (10).

Nesta listaxe pódese comprobar como no plano (pro)nominal é hexemónica a elección romance, tanto en lexías como en número de ocorrencias: *armi(n)tio*, *bez(eli)ro*, *casal*, *castaña*, *pam*, *r(u/o)xelo*, *scanla pisada*, *tenreiro*, *trijgo*, etc. No entanto, sorprende en principio que algunhas das formas máis usuais e relacionadas co contido da noticia (especialmente nas noticias de *ganato* e *parzeria*, ls. 50-71; e de *seruiciales* e *ecclesias*, ls. 73-130) só se rexistren en latín: *bouels*, *oues*, *equal/s* (vid. infra). Por outra parte, verifícase que a alternancia entre a forma clásica e a innovadora en favor desta última diminúe, en termos semánticos, canto menor é a 'intensión' do vocábulo e, viceversa, aumenta canto maior 'extensión' posúe. Podémolo constatar no feito de que as formas latinas con maior número de ocorrencias -fóra das tres xa citadas (*boues*, *oues*, *equas*)³⁹- fan referencia a unha realidade

³⁹ Se ben, xunto á forma non marcada *uaca*, representan as especies máis habitualmente referidas neste tipo de inventarios; e quizais isto inflúa, neste e noutros moitos casos, á hora da súa representación escrita. De tal xeito que o amanuense opta -talvez na maior parte dos casos de maneira inconsciente e/ou dependendo da súa formación- pola variante que a súa experiencia e hábito escriturarios (latino-notarial) acostuma a ver e anotar con máis frecuencia. Debe recoñecerse, con todo, que en moitas ocasións esta elección (in)voluntaria conservadora vai á par doutra elección morfolóxica grafo-fonémica innovadora (ademais dos frecuentes híbridos falsamente etimolóxicos), o cal talvez revele o

pertencente a un ámbito de significación máis xeral: *ecclesiam, cellarium, domno, herectas/hereditatem, monasterio, uoce*⁴⁰.

Con todo, hai que ter en conta dúas cuestións: en primeiro lugar, no caso dos cartularios, o proceso de escolma e integración de escrituras posiblemente xogue un papel significativo na conformación e mesmo normalización dun patrón ou variante 'estándar romanceada' –xurdida espontáneamente e en convivencia coa clásica– de certas construcións ou vocábulos latinos (vid. infra). En segundo lugar, os costumes abreviativos tradicionais conforman un sistema braquigráfico prolongado no tempo e mimetizado nos documentos romances (mesmo en documentación tardía se rexistran prácticas ritualizadas deste tipo). De tal xeito que a aparición ou elección (in)voluntaria de trazos innovadores, especialmente grafo-fonémicos, da *escripta* dun determinado amanuense pode verse freada polos mecanismos abreviativos tradicionais⁴¹ ("egleia" vs. "ec̄la" → "ecclesia"; "eanes" vs. "iōhis" → "iohannis", etc.).

Estoutros exemplos ilustran o romanceamento pronominal:

Jn Masma Petro Petriz habet IJ^{os} boues et IJ^{as} uacas da casa et de criança (ls. 90-91).

trasfondo idiomático real. Isto último é o que acontece, por exemplo, dentro do código onomástico, cos nomes de persoa; así, as opcións máis usuais nos docs. latinos (sécs. X-XIII) do Tombo de Lourenzá (AHN, cód. 1044) son os patronímicos hibridados tales como: *Adefonsiz, Fernandiz, Fernandizi, Fredenandiz, Martiniz, Pelaiz, Pelaizi, Petriz*, etc. (vid. § 7.2.10).

⁴⁰ Neste sentido, véxase o traballo de Varela Sieiro 2007, especialmente o relativo ao tratamento do léxico nas partes 'libres' do documento (§ 2.3.b).

⁴¹ Isto é especialmente problemático nos textos híbridos e nos redactados en romance pero en época de emerxencia. Neles é discutible tanto a restitución literal dos elementos abreviados ("d̄co": "dicto", "mōn": "moneta") como a interpretación de que neste tipo de abreviaturas existe un defase ou desaxuste entre o símbolo gráfico –de carácter latinizante/etimoloxizante– e a grafía da forma extensa que virtualmente representa –romance– ("dito", "moeda"); vid. § 7: convencións gráficas. Resulta fundamental nestes casos asimilar previamente os hábitos escriturarios do propio amanuense e, no caso dos tombos, detectar os costumes abreviativos da man ou mans implicadas na redacción do códice ou, no seu caso, do treito elaborado no espazo cronolóxico que nos interese. Este é o criterio editorial empregado para a transcripción dos textos que aquí se presentan.

IJ^{os} biziros *et* IJ^{os} boues *et* IJ almalos da casa (ls. 95-96).

et IJ^{as} quintas de tota uoce da Fonte *et* casal da Coua (l. 218)

A utilización de formas verbais nun e noutro código é descompensada en canto ao número de ocorrencias (69 formas latinas fronte a 3 inequivocamente romances), e máis nun texto tan extenso coma este. Formas latinas: *dat/dedit* (6), *debe(n)t* (6), *est/sunt (factum)* (19), *expedunt* (2), *fecit* (2), *habemus/habere/habet* (15), *iacet* (1), *morant* (2), *permansit* (1), *tenemus/tenen(t)t/tenere* (21), *uenire* (4). No entanto, se observamos os contextos nos que todas estas formas aparecen, poderemos concluír: en primeiro lugar, que neste tipo documental abundan as lexías con función presentativa (especialmente os verbos usados para indicar o acto diplomático na *intitulatio*) ou descritivo-relacional (de posesión de herdades, procedencia de gastos, débedas ou préstamos, etc.) e, en consecuencia, son moito máis numerosas as formas per-tinentes ao indicativo presente (cfr. nas ls. 202-203 *dedit* e *fecit*; vid. infra). Vexamos algúns exemplos:

et alia seruicialja in Sáa *et dat* de illa X^m *soldos* annuatim (ls. 199-200).

Hec *est* noticia de parzaria (l. 57).

Hec *est* noticia de seruiciales *et* de ecclesias (ls. 73-74).

Et hoc fuit factum in die (...) *per ante domnum Roderico Gomet*" (ls. 241-241).

Jn *Sanctj Felicis*: una uaca cum IJ filios in que *habemus* II^{as} partes (ls. 100-101).

Et de Reynantj: (...) IJ^{as} partes de una meda de orio de qua *debet* domno Viuiano VII^o *talegas* (ls. 77-79).

et alio saucto que *iacet* in Lauandeyra" (ls. 224-225).

Jn Uilla aldriz: *homines qui ibj morant* tenent totos prestamos" (ls. 184-185).

En segundo lugar, a situación de descompensación inicial a nivel grafo-fonémico segundo o número de ocorrencias equilibrase desde o punto de vista semántico. En efecto, na inmensa maioría dos casos, os verbos con maior índice de uso, *haber* e *ter*

(deixo fóra o verbo *ser*, empregado case exclusivamente na *intitulatio*) presentan unha perda dos valores semánticos orixinais. Algúns exemplos:

Valor existencial de HABERE: "In Regnantj **habet** III^{es} boues et II^{as} uacas et II^{as} capras de cabos et II^{as} oues de criança per medio et V armitios et XII^m roxelos. (...) In Uilla Cesar **habet** uno boue uetulo τ *media* de una uaca cum suos II^{os} filios et XIIJ ruxelos. In Sanctj Petri **habet** uno boue et una uaca cum suo filio et medio de uno biziro et III^{or} ruxelos. In Celeyro de parzaria **habet** II^{os} boues et III^{es} uacas et II^{os} anillos" (ls. 62-70).

Perífrase con valor modal: "*et totas alias de Miuteyra unde debent uenire quarta ad celarjum et tercja de tota uoce da fonte que tenet in prestamo Johannes Eniquiz et Johannes Petriz, et tota uoce de pinario uno **habemus habere** quarta*" (ls. 214-217).

Valor de posesión⁴²: "*Hec est noticia de homines quos **tenent** prestamos de monasterio*" (l. 131). "*Istos sunt prestamos qui **tenent** canonicos et milex. In primis Johannes Garsia **tenet** una seruicalja, et **tenemus** in concanbja pro illa tota herecta de Uilla nova*" (ls. 190-192).

Por outra parte, neste tipo documental, como xa vimos (§ 3), o contido ordénase nun discurso basicamente enumerativo e descritivo. Por esta razón os enunciados adoitan conformarse de maneira repetitiva, de tal xeito que as construcións oracionais son en xeral sintacticamente moi simples e a operatividade das variantes latinas nestes espazos máis ritualizados adoita ser sistemática. Pola contra, nas ls. 219 a 236 podemos comprobar como a introdución de secuencias de índole discursiva distinta á exposición principal, especialmente argumentativo-narrativas, dá cabida a escollas grafo-fonémicas innovadoras. Nas ls. 219, 225 e 236 aparecen tres verbos romances (un deles con adxunción de clítico) empregados en secuencias nas que se inclúe

⁴² Entendida, non como a relación entre un elemento posuidor e outro posuído, senón como a existencia dun elemento co que está en relación ou ó que afecta. Isto é: o Obxecto Directo expresa calidades propias ou adquiridas que en principio non son inherentes ó suxeito, pero que se converten en inherentes a el nun determinado momento (Moscoso Mato 2000).

unha matización cronolóxico-aspectual (*tenia, suia*) e de estimación pecuniaria (*preciamulu*):

In Soutelu: medio de uno saucto cum Dominjco Giraldiz et IJ^{as} quintas de tota uoce da Fonte et casal da Coua et uoce de Petro Carpeio que **tenia** Fernando Iohannis de Scaurito et uoce dos Chacardos unde debent uenire ad cellario, et castañas de su casa de dum Pasqual, et uno saucto cum Pelagio \Maza/ in Uillaipol (...) et alio saucto que iacet in Lauandeyra qui tenet Martino April, et prestamo que **suia tenere** Gundisaluo Ichoca de iugaria que tenet Martino Rabinato (...).

Hec est noticia de prestamos. (...) et CC^{os} et XXⁱ ruxelus, et XV equas et media, et V^e cubas de sicera; et toto ligno de Uilla:noua **preciamulu** C soldos, LX^a et VIII soldos de boronas et de oriazas de seruiciales.

En contra desta situación repetida na documentación híbrida e, especialmente na non-dispositiva, podemos citar nas ls. 202-203 a utilización dos perfectos fortes *edit* e *fecit* nun contexto discursivo de tipo argumentativo-narrativo. No entanto, véxase, como son formas asimilables á primeira agrupación que fixen no ámbito nominal (supra, § (ii)), xa que, de novo, posúen unha 'intensión' semántica moi inferior á das variantes romances que acabo de comentar e pertencen con toda seguridade ao acervo lingüístico tradicional e mecánico do labor notarial:

Roderico Pelaiz de Peruessus tenet in Uilla:seca una seruicjalja et una prestamarja, et alia seruicjalja in Saa et dat de illa X^m soldos annuatim, et est amicum et filigresem et sua mulier et suos filios de monasterjo, et tenent eas in uita sua et de sua mulier, et **edit** illas hereditates abbas domno Garsia et **fecit** de illas carta et similem **fecit** ad Pelagij Fernandiz de Cauarcos et super sunt scriptas.

Para rematar este apartado⁴³, inclúo a continuación un

⁴³ En Gutiérrez Pichel 2008 (§ 2, § 6.2.1.1 e 6.2.1.5) analízanse dous diplomas latino-romances (finais do séc. XI e 1º terzo do séc. XIII), de interese

documento que constitúe o inventario híbrido máis tardío do conxunto textual manexado aquí. Trátase dunha *noticia de quinionibus* do mosteiro de Toxos Outos na igrexa de S. Salvador de Taragoña (nº 12). Neste texto o contraste entre os códigos latino e romance advírtese máis marcadamente ca nos inventarios anteriores. A *scripta* innovadora xorde cando a unidade territorial precisa ser concretizada espacial e pecuniariamente:

Jtem de quarta donega a quinta polos Berbegoes e XX dineiros de renda pro frater Dominico Caualeyro (ls. 4-5).

A referencia aos dous últimos quiñóns pertencentes á igrexa de Taragoña foi labrada integramente en romance (ls. 5-11); neste caso a redacción adquire un progresivo carácter narrativo, debido a que se introduce o relato circunstanciado ou historiado de cada unha das propiedades. Por mor deste carácter narrativo, contrasta a operatividade da flexión verbal neste treito (*auia, deronna, era, fez, leyxoa, meteola, teuisse*) coas escasas formas latinas da primeira parte do inventario (*est, habet, remanet*), onde se realiza unha exígua descrición da partizón de terras (ámbito nominal: *aliam, ecclesia, fratre, fratribus, monasterium, quartis, quinionem, sextam*).

6. Cabo

Á vista de todas estas consideracións, parece evidente que o tipo textual que aquí se estuda e o acto diplomático que o fai posible recolle as condicións idóneas para que se desenvolva unha *scripta* innovadora -respecto do seu modelo latino- que tendencialmente reflecta a oralidade manifestada previamente na *actio* documental. A escasa necesidade da formulística xurídico-literaria ofrece máis posibilidades para a variación e innovación, en termos escrito-lingüísticos⁴⁴. Ao longo do artigo fun

particular e procesual respectivamente, cuxa súa construción discursiva responde á estrutura formularia da pesquisa e ao do relato procesual.

⁴⁴ Martins 1999: 497.

expoñendo os trazos definitorios da documentación 'non dispositiva' e as consecuencias lingüísticas derivadas deles; é o momento de facer unha pequena recapitulación.

Canto á trascendencia de dereito, os textos estudados non teñen vontade de constituírense como actos xurídicos, polo que non producen efectos legais inmediatos. Por esta razón non precisan ser ratificados (no seu *mundum*) mediante as diferentes formalidades diplomáticas autenticatorias (subscricións notarial, testemuñal, *signum*, *sigillum*, quirógrafo, etc.). Como consecuencia, o seu discurso diplomático non é tan ríxido como o da documentación 'dispositiva', toda vez que están conformados como unha secuencia descrittivo-narrativa e integrados por un elenco, relación, reconto, rexistro, etc. de eventos procesuais ou ítems cuantificables.

Canto á finalidade desta documentación, observamos tamén a distinción entre 'minuta' ou escrito previo (*imbreviatio*) e preparatorio do *instrumentum* notarial ulterior (*ingrossatio*), e 'noticia' ou rexistro exclusivamente testemuñal-probatorio de entidades ou eventos. Ambas as dúas clases documentais presupoñen a inexistencia de trascendencia xurídica, no obstante, a segunda é perfecta e definitiva en si mesma por canto non está vinculada necesariamente ao proceso de autenticación dun acto xurídico.

Canto ao contido do documento, falamos de diplomas pertencentes, por unha banda, ao ámbito privado, nomeadamente ao interese particular pola xestión patrimonial ou económica e, por outra, aqueles cuxo interese é público e maiormente reflicten unha motivación procesual. Este artigo centrouse no primeiro grupo e, dentro del, distinguiuse entre inventarios de bens e/ou propiedades e rexistros facendeiros e/ou pecuniarios.

Desde o punto de vista lingüístico, en primeiro lugar, vimos como o elemento vernáculo introdúcese neste tipo de documentación de maneira non condicionada, isto é, nun discurso diplomático pouco ríxido, carente, en gran medida, de espazos formulísticos extensos. Deste xeito a coexistencia de trazos romances e latinos ten lugar aquí nunha situación de

'mistura' ou hibridismo idiomático, mentres que na documentación dispositiva os romanceamentos se concentran nas partes libres do texto, nunha situación de 'alternancia' entre os códigos tradicional e innovador.

En segundo lugar, os espazos romanceados visibles neste tipo de textos adoitan conformarse con máis frecuencia por estruturas (pro)nominais, en coexistencia en maior ou menor medida cos seus equivalentes latinos. É frecuente rexistrar estes sintagmas (pro)nominais introducidos por un nexo preposicional ou adverbial nunha construción vinculada á localización -circunstanciada ou non- dun deslinde. Por outra banda, aínda que en menor medida, o avance da *scripta* vernácula revélase máis significativamente na habilitación de categorías gramaticais tradicionalmente menos permeables ao romanceamento, nomeadamente, a clase verbal. Isto acontece nos treitos menos asimilables aos costumes escriturarios derivados dos formularios latino-notariais, como lembrarei a seguir.

A alternancia idiomática na elección das lexías que integran os escritos rexistrados aquí comentados está en estreita relación cunha serie de factores de diferente índole:

a) No ámbito discursivo, a estrutura enumerativa e descritiva do contido supón unha orde repetitiva de construcións oracionais e un período sintáctico simple. A indicación dos ítems ou dos eventos cuantificados e/ou relatados, xa que logo, é asimilable ás cláusulas presentes nos formularios notariais. Como consecuencia, a operatividade das variantes latinas adoita ser maior nestes espazos diplomáticos: '(En) [topónimo] *habet/est/tenet* [unidade de gando/porción de herdade, etc.]'. Isto é precisamente o que acontece de maneira sistemática nas secuencias que indican o acto diplomático na *intitulatio* (ex. doc. 11 "*Hec est* noticia de prestamos"). Pola contra, os espazos argumentativo-relacionais dan cabida a escollas grafo-fonémicas innovadoras, debido á súa orixinalidade discursiva, en tanto que non posúen, en xeral, correlatos formularios latinos (ex. doc. 11 "*et prestamo que suia tenere Gundisaluo Ichoca de iugaria"; "et toto ligno de Uilla noua preciamulu C soldos").*

b) Desde o punto de vista semántico, o ámbito de significación dun vocábulo pode condicionar a súa representación gráfica, xa que a elección da variante latina nun texto híbrido vincúlase frecuentemente á súa maior 'extensión' semántica. Neste sentido a experiencia ou hábito escriturario particular do amanuense inflúe na textualización de certas formas, mesmo as máis usuais e relacionadas co contido da noticia, pero precisamente de carácter máis hiperonímico (ex. 'boue', 'oues', 'equa' fronte a 'armintio', 'beciro', 'tenreiro', etc.)

c) No ámbito estritamente escriptográfico, puidemos corroborar como a prolongada mimese do sistema abreviativo herdado pola *scripta* latina pode representar un obstáculo para a emerxencia (in)voluntaria de trazos grafo-fonémicos innovadores. A cíclica escolla da variante acurtada dun determinado vocábulo, a través dun símbolo gráfico tendencialmente latinizante, impide a difusión da súa forma plena, ben sexa latina ou romance.

7. Apéndice documental

Para os criterios de edición remito a Gutiérrez Pichel 2004: 30-34 e 2008: § 6.1. Nesta ocasión, por esixencias do espazo, limitome a expoñer as convencións gráficas utilizadas na transcripción: os caracteres desenvolvidos aparecen todos en cursiva, 'l^x' indica a liña do orixinal, '\ /' as palabras escritas no interliñado, '()' emprégase para os caracteres engadidos por esixencias do sentido debido ao esquecemento evidente do escribán, '(...)' para as lecturas fragmentarias, '[]' para a reconstrución segura -e contrastada- dun determinado treito no que o soporte está deteriorado ou desaparecido, '[...]' se o soporte está deteriorado, '[---]' se o soporte desapareceu, '<>' para as lecturas problemáticas ou dubidasas. Utilizo a barra vertical en subíndice 'l' para indicar a separación orixinal dos elementos constitutivos de certas palabras (ex. "primera_lmente", "Uilla_lnoua"; vid. § 7.2.10) e o guión baixo ' _ ' para facer constar a separación de formas ligadas no orixinal por razóns de índole

A teoría da optimidade xorde, no marco da gramática xenerati- va, como o refinamento duns modelos anteriores criticados pola pobre- za explicativa e polo carácter excesivamente especulativo das súas re- gras. Neste sentido, o novo método de análise ten o obxectivo de aban- donar as derivacións e os estados intermedios na aplicación das regras -cuxa entidade psicolóxica foi posta en dúbida-; atopar os principios universais que rexen a facultade da linguaxe, así como os principios motivadores do cambio entre linguas; dar conta das asimetrías e das diverxencias entre grupos de sons, así como das conspiracións entre os procesos fonolóxicos distintos para satisfacer unha mesma tendencia lingüística; e naturalizar as explicacións fonolóxicas, deixando atrás a arbitrariedade das regras e as súas ordenacións. A idea central da teoría da optimidade é que as formas superficiais da linguaxe reflicten resolu- cións de conflitos entre restricións (Kager 1999). Para cada input ou forma subxacente xérase un conxunto infinito de formas superficiais posíbeis, que reciben o nome de *candidatos*. Entre estes, sae escollido como *óptimo* aquel que resolve da maneira máis satisfactoria posíbel os constrinximentos impostos polo grupo de *restricións* activas na lingua ou na variedade obxecto de análise. Este conxunto de restricións pre- senta tres características singulares. En primeiro lugar -e este é un punto de diverxencia crucial respecto do modelo xenerativista clásico-, son *transgredíbeis*: unha forma superficial é 'óptima' non porque sexa perfecta, senón porque incorre nas violacións menos graves do grupo de restricións proposto. En segundo lugar, son *universais*: na teoría da optimidade, as diferenzas entre linguas ou entre variedades explícanse pola distinta organización duns mesmos constrinximentos lingüísticos. Neste sentido, cómpre destacar que estas restricións universais remiten directamente á tensión entre os principios de marcaxe -que avogan pola facilidade fonética e mais as estruturas pouco marcadas- e a vontade de preservar os contrastes léxicos -a prol da comprensión e mais da clari- dade lingüísticas. E, en último termo, atópanse en relación de *estrita dominancia*: as restricións situadas enriba na xerarquía son máis deter-

minantes á hora de escoller un candidato como óptimo ca aquelas que están situadas máis abaixo. Deste xeito, un candidato *a* poderase erixir como óptimo malia transgredir unha restrición *x* da xerarquía, sempre que esta estea situada nunha posición baixa e sempre que, en definitiva, sexa a transgresión de *x* a que resolva de maneira máis harmónica unha determinada tensión fonolóxica.

Como se sinalaba antes, hai dous tipos de restricións: as de marcaxe e as de fidelidade. As *restricións de marcaxe* expresan a preferencia polas secuencias estruturalmente ben formadas, en detrimento da preservación das formas subxacentes. Esta clase de restricións, que actúan exclusivamente sobre as formas superficiais, prohiben estruturas fonoloxicamente marcadas -como a presenza de determinados segmentos, as secuencias de segmentos que transgreden a escala de sonoridade, as sílabas sen abertura, os contrastes de sonoridade en posición de coda, etc. Promoven, polo tanto, as estruturas máis favorecidas interlingüísticamente, que adoitan vir impostas por condicións de tipo articulatorio, acústico e perceptual. As *restricións de fidelidade*, pola contra, dan conta da relación que se establece entre o input e mais o output, e procuran que as formas superficiais sexan idénticas, isto é, fieis, ás formas subxacentes. Calquera proceso que implique unha alteración respecto da forma subxacente, polo tanto, supón unha violación dalgunha restrición de fidelidade: a inserción de material epentético, a elisión dalgún segmento presente na representación orixinal, o troco de trazos de lugar ou de modo de articulación, etc. O conflito que se establece entre as restricións de marcaxe e as de fidelidade é un reflexo da tensión entre a necesidade de preservar os contrastes léxicos entre os morfemas, por mor da claridade e da comprensibilidade da linguaxe, e a tendencia á simplificación de secuencias articulatoriamente e/ou perceptualmente complexas, que favorece as estruturas pouco marcadas: é a pugna entre a facilidade fonética e a intención fonolóxica, o que no marco da fonoloxía natural se designaba «the tension between clarity and ease» (Stampe 1973).

A teoría da optimidade enténdese como un mecanismo input-output que relaciona unha forma superficial cunha forma de entrada. Hai dúas compoñentes que fan posíbel este mecanismo: o *xerador* (*Generator, Gen*), que xera un conxunto de formas superficiais para unha determinada forma léxica, e mais o *avaliador* (*Evaluator, Eval*), que avalía estas formas e selecciona a óptima por medio dunha determinada xerarquización de restricións, que varía en función das gramáticas particulares das linguas. O *lexicón* (*Lexicon, Lex*) é o elemento que contén to-

das as representacións léxicas dos morfemas, as cales son sometidas ao xerador.

Do que se leva exposto até agora despréndese que a teoría da optimidade é un modelo *paralelo* e *global*: é paralelo porque os candidatos a output son sometidos simultaneamente á avaliación das restricións, sen estadio intermedio ningún entre a forma subxacente e as posibles formas superficiais –de maneira que un candidato pode amosar o efecto dun ou de máis dun proceso fonolóxico–; é global porque unha mesma xerarquía de restricións, impermutábel intralingüísticamente, é a que dá conta da gramática dunha variedade lingüística. Esta dobre caracterización, vantaxosa pola simplicidade e pola capacidade explicativa coa que dota o modelo, é asemade a fonte dun dos seus meirandes escollos: a xustificación das interaccións opacas –ou sexa, dos casos nos que hai sobreaplicación ou infraaplicación aparentes dun proceso. Coa intención de resolver estes problemas, propuxéronse evolucións e refinamentos distintos na teoría da optimidade, tales como o **serialismo harmónico**, a **avaliación cíclica**, a **fonoloxía léxica optimal**, as **presións analóxicas**, a **teoría da simpatía**, a **marcaxe comparativa** ou o máis recente modelo das **cadeas de candidatos**. Asemade, o **aliñamento xeneralizado** e máis a **teoría da correspondencia** xurdiron para dar conta de maneira afinada do papel dos dominios morfolóxicos na explicación de diferentes fenómenos lingüísticos, por unha banda, e das relacións que se establecen entre input e output ou entre base e reduplicante, pola outra.

No marco da fonoloxía autosegmental, tense xustificando a asimilación de punto de articulación en catalán central apelando á subespecificación do articulador CORONAL nas representacións: deste xeito captúrase a asimetría entre os sons labiais e dorsais, que manteñen o punto de articulación orixinal (cf. *cap mà* [kab.^hma] ‘ningunha man’, *puc beure* [pug.^hbewrə] ‘podo beber’), e os sons coronais (cf. *set mans* [sem.^hmans] ‘sete mans’), con asimilación ao punto de articulación da consoante seguinte. Porén, este tipo de análise resulta insuficiente, porque de feito non abonda para xustificar o carácter regresivo, e non progresivo, da asimilación. Por esta razón aducíronse algúns principios xerais de boa formación, coma o *filtro de codas* ou a *condición de codas*, que rexeitan os puntos de articulación marcados en posición de coda. Na teoría da optimidade, a asimetría entre aberturas e codas silábicas captúrouse mediante restricións de aliñamento, como son ALIÑADE (PA, E, σ, E) –que pide que os trazos de punto de articulación se aliñen á esquerda da sílaba–, ou de marcaxe contextual, como NON-CODAPA –que postula que unha coda non pode lexitimar trazos de punto de articula-

ción. Na súa análise da asimilación do punto de articulación en balear, Pons sérvese da restrición IDENTIDADEABERTURA(PA) para protexer o punto de articulación das consoantes en posición de abertura, e de COMPARTIDEABERTURACODA(PA) para capturar o feito de que, en menorquino, a asimilación de punto de articulación se produce unicamente cando o contacto consonántico é heterosilábico, e non tautosilábico (cf. *pocs amics* [pɔd.ðzə'miks] 'poucos amigos', con asimilación, fronte a *pocs* [pɔks] 'poucos', con mantemento). Estas restricións, situadas por riba da restrición de marcaxe que desencadea o proceso, isto é, COMPARTIDE(PA), dan conta do comportamento asimilatorio destas dúas variedades. En eivisenco, pola contra, a asimilación do punto de articulación depende do punto e mais do modo de articulación da consoante en posición de coda; é por isto que cómpre subdividir as restricións de fidelidade xerais IDENTIDADE(PA) e mais IDENTIDADE(MA) nas restricións específicas IDENTIDADE(labial), IDENTIDADE(dorsal), IDENTIDADE(coronal), IDENTIDADE(oclusiva) e mais IDENTIDADE(nasal), e situálas por riba ou por baixo de COMP(PA) na xerarquía de restricións acádase capturar as diferenzas no comportamento asimilatorio desta fala.

En mallorquino e en menorquino, o contacto entre unha oclusiva dental ou velar e mais unha sibilante resólvese cunha asimilación de punto de articulación da primeira consoante e un proceso de africación da segunda (cf. *cap so* [kat.ʦo] 'ningún son', *puc ser* [put.ʦe] 'podo ser'). A hipótese de Pons é que este fenómeno se desencadea pola acción da restrición de marcaxe SONORIDADEINTERSILÁBICA, en función da cal a sonoridade entre segmentos heterosilábicos adxacentes debe ser igual ou decrecente, segundo a escala seguinte (de menos a máis sonoridade): oclusivas < fricativas líquidas < semivogais < vogais. A incidencia desta restrición, porén, vese matizada pola acción das restricións IDENTIDADE(sibilante), que avoga pola preservación do carácter sibilante dos segmentos, e SONORIDADEGRADIENTE, que esixe que as consoantes que forman unha abertura presenten unha sonoridade relativa de máis dun grao de diferenza entre elas. Asemade, colocando SONORIDADEINTERSILÁBICA por baixo das restricións que inhabilitan a elisión (MAXIMALIDADE-IO) e mais a fusión (ALIÑADE-PALABRAS, ALIÑADE-PREFIXO) como estratexias dispoñíbeis para satisfacer este contacto intersilábico marcado, así como por baixo das restricións que delimitan a dirección do espallamento (IDENTIDADEABERTURA(PA), xunto coas restricións libres de contexto *FRICATIVA-DORSAL e *LATERAL-DORSAL), é posíbel dar conta do fenómeno de maneira satisfactoria.

A asimilación regresiva de modo de articulación en balear presenta unha casuística complexa. En efecto, en mallorquino e menorquino asimilan o modo de articulación da consoante seguinte de forma sistemática as oclusivas e mais a fricativa labiodental (cf. *cap nas* [kan.¹nas] 'ningún nariz', *agaf mel* [gam.¹meɫ] 'collo mel'), e de forma variábel as sibilantes non palatais (cf. *fas por* [fas.¹pɔ] 'dás medo' vs. *fas llum* [fa.¹lum] 'fas luz') e as nasais (cf. *som set* [son.¹set] 'somos sete' vs. *són llits* [so.¹lits] 'son camas'); manteñen o modo de articulación orixinal, pola contra, as laterais, as róticas e mais as semivogais (cf. *sol fer* [sol.¹fe] 'adoita facer', *mir flors* [mir.¹flɔs] 'miro flores', *vull flors* [vuj.¹flɔs] 'quero flores'). En eivisenco colquial, como en catalán central, a asimilación de modo de articulación só acontece no contacto entre unha oclusiva e unha nasal ou unha lateral homorgánicas (cf. *pot nedar* [pɔn.nə.¹ða] 'pode nadar', *pot lamentar* [pɔl.lə.mən.¹ta] 'pode lamentar'). No traballo de Pons interprétase este fenómeno como o froito da interacción entre as restricións que regulan a sonoridade entre segmentos heterosilábicos adxacentes, as restricións de fidelidade específicas relacionadas coa preservación do modo de articulación e mais a restrición de marcare COMPARTIDE(MA) -que, malia non iniciar o proceso, remata determinando a fisionomía do grupo consonántico resultante. As principais innovacións desta proposta son dúas. En primeiro lugar, seguindo a Gouskova (2005), Pons defende que SONORIDADEINTERSILÁBICA non é unha restrición única, senón unha xerarquía relacional das restricións sensíbeis a todas as distancias heterosilábicas posíbeis: *DISTANCIA +6 >> *DISTANCIA +5 >> *DISTANCIA +4 >> *DISTANCIA +3 >> *DISTANCIA +2 >> *DISTANCIA +1. O limiar de sonoridade crecente a partir do cal en mallorquino e en menorquino operan procesos asimilatorios é de dous graos ou máis: de acadarse ou superarse, a asimilación de modo repara a secuencia mal formada; de non acadarse, a forma superficial mantense fiel ao input. Por outra banda, Pons formula unha dobre modificación da escala de sonoridade: por un lado, propón escindir a rótica vibrante do grupo das líquidas, adxudicándolle un grao menos de sonoridade; polo outro, propón agrupar as líquidas coas semivogais, asignándolles a mesma sonoridade. Para dar conta do comportamento do eivisenco, moito máis restrictivo polo que se refire aos contextos nos que opera a asimilación de modo de articulación, cómpre que as restricións de fidelidade IDENTIDADE(nasal), IDENTIDADE(sibilant), IDENTIDADE(PA) e IDENTIDADE(contínuo) dominen as restricións de marcare *DISTANCIA +, promotores do proceso asimilatorio.

O rotacismo é un fenómeno frecuente nas linguas románicas: é coñecido en occitano, en sardo, en galego, en portugués, en dialectos do

francés e mais en dialectos do español. En mallorquino opera cando unha sibilante alveolar entra en contacto cunha consoante sonora ou unha fricativa labiodental xorda (cf. *dos bous* [dɔɾ.'bɔws]~[dɔɪ.'bɔws]~[dɔɪ.'βɔws] 'dous bois'). Seguindo a Prieto (1988), Pons asume que hai rotacismo cando a consoante en posición de coda ten máis forza segmental cá consoante en posición de abertura: entende, xa que logo, que nestes casos opera un proceso de lenición polo cal unha consoante forte se substitúe por unha consoante feble para mellorar o contacto intersilábico. A novidade da proposta radica en asumir que a mellora do contacto entre sílabas non se produce só cando a sonoridade é crecente entre elas, senón tamén cando é decrecente pero pode selo aínda máis. En efecto, partindo da subxerarquía de restricións referentes á sonoridade intersilábica proposta por Gouskova (2005), admítase que unha secuencia como e[R] *dies*, cunha sonoridade decrecente de tres graos, é máis harmónica ca unha secuencia como e[z] *dies*, cunha sonoridade decrecente de só un grao.

En balear, os contactos de sibilantes resólvense de maneira diferente en función de tres factores: o nivel de aplicación, a variedade dialectal e, eventualmente, a natureza das consoantes implicadas. No nivel léxico, as tres variedades optan pola inserción dunha vogal epentética (cf. *cuses* ['ku.zəs] 'coses'). No nivel posléxico, en cambio, as solucións adoptadas dependen das variedades implicadas. Deste xeito, o mallorquino e mais o menorquino optan por un proceso de disimilación que dá como resultado unha secuencia formada por unha oclusiva dental seguida dunha africada (cf. *coses sabudes* [kɔ.zət̪tsə.'βu.ðəs] 'cousas sabidas'); en eivisenco, pola contra, óptase pola simplificación/fusión do grupo consonántico (cf. *coses sabudes* [kɔ.zə.sa.'βu.ðəs] 'cousas sabidas'). Xa no marco da fonoloxía autosegmental, estes procesos entendéronse como estratexias para evitar a adxacencia de dous segmentos idénticos ou case idénticos: son, xa que logo, recursos desencadeados pola acción do principio universal coñecido como *Obligatory Contour Principle* (OCP) (Goldsmith 1976). Na teoría da optimidade, este principio adopta a fisionomía dunha restrición de marcaxe que, no traballo de Pons, recibe a formulación específica *[sibilante][sibilante]. A hipótese de partida da análise, polo tanto, é que os procesos de disimilación e mais de simplificación/fusión que operan no balear responden a unha estratexia para evitar a adxacencia de dous segmentos sibilantes mediante a mínima alteración das consoantes implicadas. Nas solucións con disimilación que o mallorquino e o menorquino presentan a nivel léxico, a actividade da restrición *[sibilante][sibilante] é matizada e modulada, en primeiro lugar, polas restricións que prohiben a elisión, a fu-

sión e mais a inserción; en segundo lugar, polas restricións que avogan pola preservación dos trazos [sibilante] e [-soante] da forma subxacente; en terceiro lugar, pola restrición que esixe a preservación do trazo [sibilante] da consoante en posición de abertura; e, en último lugar, pola restrición que pide a homorganicidade dos segmentos adxacentes. A dobre posibilidade de lectura destes contactos en eivisenco, interpretábeis como froito dun proceso de simplificación ou dun proceso de fusión, captúrase na análise optimal por medio da falta de dominancia entre as restricións de aliñamento, que militan en contra da fusión, e a restrición MAXIMALIDADE-IO, que prohíbe a elisión de segmentos presentes no input. A discrepancia entre as solucións expostas até agora (isto é, a disimilación e a fusión/simplificación) e a solución hexemónica que as tres variedades adoptan no contacto de sibilantes a nivel léxico (isto é, a inserción epentética) constitúe un caso claro de *opacidade de niveis*. Para dar conta deste fenómeno de maneira satisfactoria, Pons recorre á *teoría dos paradigmas óptimos* e, xa que logo, apela á fidelidade que se establece entre os membros dun mesmo paradigma flexivo: deste xeito, considera que é pola acción da restrición OPTIMALITYPARADIGM-IDENTITAT(sibilante) que as secuencias léxicas de sibilantes heteromórficas se resolven cunha inserción epentética en troques de facelo cunha disimilación ou simplificación/fusión, porque así se acada preservar o segmento sibilante do radical en todas as formas da flexión.

As consoantes palatais son susceptíbeis de experimentar, no catalán de Mallorca e de Menorca, procesos tales como a escisión (cf. *anys* ['ajns] 'anos', *mateix cotxe* [mə.tej.'ko.t̪o] 'mesmo coche'), a semivocalización (cf. *any molt bo* [aj.mol.'βo] 'ano moi bo', *mateix llum* [mə.tej.'lum] 'mesma luz', *ball lentament* [βaj.leŋ.tə.'ment] 'bailo lentamente') ou a despalatalización (cf. *aquells* [ə.'kels] 'aqueles'), relacionados todos eles coa forte resistencia que presentan estas consoantes a asimilarse completamente á consoante seguinte (Recasens 1986). Análises previas relacionaron o fenómeno coa tensión entre a presión asimilatoria e a vontade de preservar a palatalidade dos segmentos, coa articulación complexa dos sons palatais e coas restricións de longura máxima das codas en función da sonoridade entre os segmentos que as integran. Pons, recollendo estas propostas, interpreta estes procesos como estratexias para satisfacer as restricións de marcase *PALATAL-CONSOANTE (que prohíbe as secuencias de palatal seguidas de consoante: *JC, *ŋC, *ʎC) mediante o mínimo cambio segmental posíbel. Este mínimo cambio é procurado pola actividade das restricións de fidelidade sobre os trazos do input IDENTIDADE(palatal), IDENTIDADE(lateral) e mais IDENTIDADE(nasal) e pola restrición de fidelidade que milita en contra da escisión, isto é,

INTEGRIDADE-IO; asemade, porén, vese condicionado polas restricións de marcaxe referentes á complexidade das codas *CODACOMPLEXAINTERNA, *CODACOMPLEXA3. Para dar conta de todas as solucións adoptadas polo dialecto, ademais, son necesarias restricións de fidelidade Output-Output que preserven os trazos da base en todas as súas ocorrencias e restricións de marcaxe referidas ao grao de sonoridade admitido entre segmentos tautosilábicos.

A resolución dos contactos consonánticos en balear está sometida a moita variación. Porén, Mascaró (1986) observa que unha das regularidades do fenómeno é que xeralmente a elisión consonántica ocorre soamente naqueles casos nos que non se perde información sobre o punto ou o modo de articulación dos segmentos implicados. Recollendo esta idea, Pons propón a restrición de fidelidade MAXIMALIDADE-C[Contraste(trazos)], que protexe as consoantes que contrastan coa consoante precedente nalgún trazo. A actividade desta restrición permite dar conta de boa parte das solucións adoptadas polo balear nos contactos de dúas ou máis consoantes. Así e todo, a coincidencia ou a diverxencia dos trazos de modo e punto de articulación das consoantes en contacto non é o único factor que dá forma ao item resultante. En efecto, hai outros factores que teñen un peso determinante. O primeiro é o carácter tautomórfico ou heteromórfico das secuencias de consoantes, que activa diversas restricións relacionadas coa estrutura morfolóxica, como son a CONTIGÜIDADE -que prohíbe a inserción e mais a elisión no interior do morfema- ou tamén as restricións de aliñamento e ancoraxe. O segundo, intimamente vencellado ao primeiro, é a estrutura silábica das secuencias nas que ocorren as consoantes: isto fai entrar en xogo varias restricións relacionadas coa longura máxima das codas, entre as cales *CODA-COMPLEXA3 e *CODACOMPLEXAINTERNA. O último factor, pola contra, relaciónase coa pertenza ou non da secuencia a un paradigma, posto que, cando acontece deste xeito, o resto das formas poden exercer presión en relación ao mantemento ou á elisión dunha consoante da base.

As secuencias consonánticas finais cunha sonoridade igual ou decrecente respecto do núcleo resólvense, en balear, coa inserción dunha vogal epentética [ə] (cf. *apte* ['at.tə] 'apto', *sucre* ['su.krə] 'azucré'). Na proposta de Pons asúmese que a derradeira consoante do grupo non é un apéndice, senón que se silabifica normalmente como unha coda, e que a vogal [ə] non está presente na forma subxacente, senón que se incorpora á forma superficial por razóns de boa formación silábica. A restrición de marcaxe que desencadea o proceso é SONORIDADEINTRASILÁBICA, segundo a cal a sonoridade debe ser decrecente

respecto do núcleo. Esta restrición, combinada con outras restricións de boa formación silábica como NÚCLEO (que esixe que as sílabas teñan núcleo) e coa restrición de fidelidade posicional MAXIMALIDADE-Límite (que prohibe a elisión a final de palabra gramatical), dá conta do proceso fonolóxico operante. O caso da primeira persoa do singular do presente de indicativo en balear (cf. *obr* ['ɔbr] 'abro', *compr* ['kompr] 'merco') é singular, xa que neste contexto non operan nin a epéntese vocálica previsíbel nin, de feito, outros procesos fonolóxicos que afectan as secuencias finais. Este caso foi tratado dende diferentes perspectivas; argüíuse, por exemplo, que a derradeira consoante forma parte dunha abertura cun núcleo baleiro. As propostas de Pons e de Lloret (2003), pola contra, sinalan a presión do resto de formas do paradigma verbal como o factor determinante da resolución singular deste contacto consonántico.

O traballo de Pons é, como se deduce da síntese ofrecida, unha proposta de análise innovadora, completa e rigorosa dalgúns dos principais trazos que caracterizan o sistema fonolóxico do balear. Neste sentido, o libro é unha boa ferramenta de traballo para profesores e estudantes de fonoloxía, posto que introduce o lector nos principios teóricos e no funcionamento práctico da teoría da optimidade, ao tempo que lle ofrece, para cada fenómeno descrito, unha exposición dos diversos tratamentos que recibiu dende outras perspectivas de análise. Deste xeito, malia non analizárense na obra todos os fenómenos fonolóxicos que operan en balear –o vocalismo, xa o advirte a propia autora, exclúese do estudo– e que nalgúns casos se sacrifica a descrición exhaustiva dos datos co obxecto de unificalos para proceder á súa análise, é innegábel que o libro de Pons é unha interpretación anovadora e brillante da fonoloxía do catalán balear dende a óptica dos estudos optimaís.

Referencias bibliográficas

- Bonet, E. & Lloret, M. R. (2004): "More on Alignment as an alternative to domains: The syllabification of Catalan clitics". *Probus* 17, 1, 37-78 [ROA-592-0403].
- Chomsky, N. & Halle, M. (1968): *The Sound Pattern of English*. Nova York: Harper & Row.
- Dols, N. (2000): *Teoria fonològica i sil·labificació. El cas del català de Mallorca*. Palma: Universitat de les Illes Balears.
- Goldsmith, J. (1976): *Autosegmental Phonology*. Cambridge: Massachusetts Institute of Technology.

- Gouskova, M. (2005): "Relational hierarchies in Optimality Theory". *Phonology* 21, 2, 201-250.
- Mascaró, J. (1986): "Compensatory diphthongization in Majorcan Catalan". En A. WETZELS, L. & SEZER, E. (ed.) *Studies in Compensatory Lengthening*. Dordrecht: Foris, 133-146.
- Prieto, D. (1988): "O rotacismo galego". *Agália*, 15, 293-309.
- Recasens, D. (1986): *Estudis de fonètica experimental del català central*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- Stampe, D. (1973): *A dissertation on Natural Phonology*. Chicago: University of Chicago.
- Wheeler, M. (2007): Syncope and apocope in the history of Catalan: an Optimality Theory Approach. ROA-907-0307.

MARIA CABRERA

(Tradución ao galego de Esteve Valls)

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAUREL STREET, CHICAGO, ILL. 60607
1984

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAUREL STREET, CHICAGO, ILL. 60607
1984

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAUREL STREET, CHICAGO, ILL. 60607
1984

THE UNIVERSITY OF CHICAGO PRESS
54 EAST LAUREL STREET, CHICAGO, ILL. 60607
1984

Dorta, Josefa (ed.) (2007): *Temas de dialectología*. La Laguna – Tenerife: Instituto de Estudios Canarios.

Este libro, nacido tras a celebración das *I Jornadas Internacionales de Dialectología* promovidas polo Instituto de Estudios Canarios, recolle sete traballos relacionados con diferentes aspectos da dialectoloxía (con especial atención pola prosodia e fonética) mais un capítulo dedicado a presentar un proxecto de repertorio bibliográfico que, sen dúbida, tamén será de proveito para os dialectólogos, especialmente os que se dediquen ó dominio canario.

Como en tantos casos de obras semellantes, a maior chata do libro é tamén unha das maiores virtudes: o excesivo fragmentarismo do volume, con traballos pouco relacionados entre sí e moi diferentes, é o reflexo da vitalidade dos estudos dialectais. Lonxe da ancoraxe a labores e métodos da primeira metade do século pasado, que tantas veces se lle recrimina inxustamente, a dialectoloxía mostra a renovación metodolóxica (os traballos de Swiggers e Contini), a apertura cara a novos campos de investigación (os traballos de Martínez Celdrán e Dorta) e os distintos enfoques con que se poden estudar os datos dialectais (os traballos de García Mouton, orientado á etnografía e cultura popular, e de Romano, unha exhaustiva análise fonética fundamentada sobre máis de mil puntos de enquisa da rede do ALiR). Realízase tamén a descrición dun proxecto dialectolóxico en curso (González González) e a presentación dunha bibliografía informatizada de indubidable interese para os estudos dialectais (Corrales e Corbella). Por consideralos de maior interese para os investigadores galegos, centrareime nesta recensión nos primeiros catro capítulos do libro.

O primeiro traballo (pp. 11-42) vén da man do dialectólogo de Lovaina Pierre Swiggers e titúlase "Dialectología y tipología: apuntes metodológicos con referencia al campo de la dialectología galorrománica y de la dialectología flamenca". Este capítulo divídese en dúas partes ben diferenciadas, amais dunha introdución, máis metodolóxica, que explora o encaixe da dialectoloxía dentro da Lingüística Xeral e sinala diferentes traballos xerais da nosa disciplina (evidentemente, faltan algunhas obras, pois non ten vocación de exhaustividade, senón que

quere referir uns poucos traballos de síntese e metodolóxicos de referencia). A primeira parte presenta unha tipoloxía dos traballos dialectolóxicos, aproximándose a diferentes cuestións. En primeiro lugar, fai un rápido repaso pola orientación da disciplina, desde Gilliéron ata a moderna dialectoloxía perceptual; é particularmente interesante o esforzo de clasificación da tipoloxía da cartografía, bebendo do seu mestre Goossens, inda que se bota en falta un maior aprofundamento e exemplificacións concretas dos modelos. Despois céntrase en catro tipos de aproximación do dialectólogo ós feitos estudados na tipoloxía lingüística: *tipología estratal* (proponse unha estratificación histórica dos feitos nun continuo dialectal); *tipología areal*, restrinxida hoxe en día sobre todo á análise de linguas en contacto no mesmo territorio (lonxe xa os tempos das famosas e polémicas normas areais); *tipología distributiva*, que analiza o reparto territorial de fenómenos lingüísticos (sobre todo dentro dunha mesma filiación xenética, caso que Swiggers exemplifica co estudo da distribución dos sistemas de plural románicos, en *i/e* ou *s*); por último, *tipología correlativa*, que explica feitos aparentemente moi diversos, pero que están conectados funcionalmente entre si (volve sinalar outro exemplo de Rohlf, esta vez o obxecto directo con preposición).

A segunda parte céntrase nun caso particular ben coñecido por Swiggers, a dialectoloxía belga. Sinálase que, á evidente diferenza de familia lingüística, hai que engadir unha diferenza de enfoque: a dialectoloxía valona adopta un orientamento diacrónico e etimolóxico, mentres que a flamenca entronca coa holandesa nunha maior preocupación teórica e de achegamento á sociolingüística. O traballo remata cunha descrición dun traballo de investigación en curso centrado nos contactos entre os dialectos valóns e flamencos.

O segundo traballo (pp. 43-79), "La motivation sémantique: un axe de recherche productif en dialectologie européenne", é da autoría do filólogo de orixe sarda Michel Contini. Este interesantísimo estudo -moi recomendable e cargado de ideas para aplicar no campo galego- achégase ó rol da motivación no proceso de creación léxica. A presente liña de investigación, á que Contini dedica moitas achegas, especialmente no que respecta ós fonosimbolismos nos zoónimos, é unha boa mostra dunha banda da utilidade dos traballos dialectais para fornecer de datos os lingüistas e os antropólogos e doutra banda -e é un aspecto esencial, como sinalaba nas primeiras liñas desta recensión- dos novos horizontes e campos de traballo que teñen os estudos xeolingüísticos diante de si. Antes de comentar este capítulo, é importante pór de relevo unha característica pouco común: ademais dos datos románicos, ob-

tidos na maioría dos traballos do ALiR, traballa con exemplos de linguas non emparentadas, como o azteca, o bantú ou o dakota, que achen información moi interesante sobre procedementos, moitos deles comúns ás linguas románicas.

Contini sinala tres categorías de motivación (sen excluír que, finalmente, as dúas primeiras categorías entrasen dentro da terceira): a onomatopeica, a fonosimbólica e a icónica (seguindo a terminoloxía de Alinei). A motivación onomatopeica non ten problemas, a non ser a coñecida circunstancia da variabilidade interpretativa segundo a lingua (razón pola que o can español ouvea un *guau*, mentres que o italiano "fala" co *bau*). A motivación fonosimbólica é ben máis complexa, e polémica. Contini presenta moitísimos datos (sobre todo do dominio sardo) para diferentes tipos. Mostra evidente é o caso das designacións da bolboreta con elementos ligados á imaxe do movemento, por exemplo coa construción /lateral ou vibrante + vogal + oclusiva bilabial (p, b)/: *lip*, *lep*... ou o seu inverso /oclusiva bilabial + vogal + lateral/: *pil*, *pel*, *pal*,... (cf. lituano *p'iepala*, dogón *pipilu*, azteca *papalot*, latín *PAPILIO*,...). Para aprofundar neste tema, ademais dos traballos citados na bibliografía do capítulo, é recomendable o traballo de Contini incluído en *Els mètodes en dialectologia: continuïtat o alternativa?* (2005).

A terceira categoría, a motivación icónica, remítenos para un tema moi estudado nos últimos anos por Mario Alinei, bebendo tamén de traballos de Propp, incidindo tamén na necesidade de establecer unha estratigrafía de motivacións e de pór en relación a creación lexical cos trazos socioculturais dominantes en cada momento. O autor presenta numerosos exemplos, sobre todo de designacións de pequenos animais (denominacións totémicas como 'vella' ou nomes de parentela; denominacións asociadas a seres fantásticos, como 'meiga', 'fada'; designacións máxico-relixiosas como a *paniquesa* de Aragón; designacións baseadas nas "novas" relixións monoteístas, como 'Deus, Virxe' e, por último, denominacións creadas sobre antropomorfismos laicos: 'dama', 'príncipe', etc.).

O terceiro traballo (pp. 81-93), redactado por Pilar García Mouton, analiza os procesos de mortalidade léxica en falas madrileñas do ámbito rural, con abundancia de exemplos. O cerne do capítulo dedícase ó estudo dos procesos de cambio léxico, para o que se apuntan cinco estratexias. En primeiro lugar, sinálase a incorporación de novas palabras, que substitúen as tradicionais, que son pouco prestixiadas en confronto coa lingua dos de fóra, da escola ou dos medios de comunicación e que axiña pasan a formar parte do acervo de coñecemento pasivo. Os procedementos de substitución son variados, desde a substitución

dunha palabra por outra ("asila" por "sobaco") ata o uso de formas máis descritivas (deste modo, os "agüelos" son agora "pelos del cogote"); en non poucos casos, o informante deforma as novas palabras: "la amanti" (no canto de "la mantis"), por exemplo. Obviamente, os tabús gardan un papel importante, especialmente no campo da sexualidade, onde se tece unha rica rede de eufemismos ó respecto, extensivos tamén a novos costumes sociais e mentalidades (por exemplo, o uso de "yayo" na vez de "abuelo"). Por suposto, como se comenta en terceiro lugar, a desaparición dos obxectos da cultura popular implica a perda (ou esmorecemento, paso a dominio pasivo) do léxico asociado; é claro que, cando as cousas non desaparecen, senón que se transforman (moi evidente na designación da roupa de vestir), tamén o fai o léxico que as designa. Evidentemente, as mudanzas socioculturais teñen unha incidencia directa no léxico, como se pode observar no léxico asociado ó campo e, en xeral, á natureza: ó non depender do campo como fonte de ingresos nin estar en contacto tan directo co medio, pérdense moitos nomes concretos, redúcese a variedade de denominacións.

O cuarto traballo (95-121), da autoría de Manuel González, "El Atlas lingüístico galego, un hito en la historia de la dialectología gallega", insírese dentro dun conxunto de varios estudos que presentan o ALGa desde diferentes puntos de vista, algúns deles escritos polo mesmo autor. É inevitable a colisión nalgúns aspectos con estes outros traballos, pero, polo xeral, o enfoque é complementario e non abundan as coincidencias. En concreto, deste estudo cabe sinalar o repaso por investigacións anteriores ó ALGa que contiñan informacións de carácter dialectal: Padre Sarmiento (1695-1772), Padre Sobreira (1746-1805), seguidores do método 'Wörter und Sachen' como Fritz Krüger ou Hans-Karl Schneider, Alonso Zamora Vicente (1916-2006), traballos promovidos por Constantino García, etc. O traballo sinala a insuficiencia da información dialectal sobre o galego ofrecida polo ALPI e comenta o nacemento do ALGa en relación con iniciativas do alcance do ALE ou do ALEP. Polo que respecta ó proceso de elaboración do *Atlas*, este traballo informa sobre o ámbito territorial, a elaboración das distintas versións do cuestionario e o seu dobre orientamento (aprofundar nas características propias do galego, pero tamén conectar este atlas con outros traballos máis xerais). Analízanse os criterios de configuración da rede de puntos, o adestramento dos enquisadores e a metodoloxía de enquisa. Dedicase atención tamén ó proceso de elaboración informática dos mapas e descríbese a base de datos que contén os materiais do ALGa. O traballo pecha cunha noticia a respecto do material xa publicado e unha valoración dos principais froitos que se tiraron do ALGa ata hoxe.

O quinto traballo (pp. 123-140), de Eugenio Martínez Celadrán, dedícase á prosodia dos dialectos cataláns, estudados segundo a metodoloxía do proxecto AMPER. A primeira epígrafe, introdutoria, está consagrada á división dialectal segundo o tratamento das vogais. O segundo capítulo, o central do traballo, estuda detalladamente, con numerosos gráficos, o patrón enunciativo de diferentes frases en cinco localidades. Analízase o patrón declarativo, o patrón interrogativo absoluto (sen *que*), e o patrón de interrogativas encabezadas por *que*. Este capítulo pecha cunha comparación entre os diferentes subdialectos analizados, que conclúe que é a modalidade das interrogativas absolutas encabezadas pola conxunción *que* a que permite en maior medida a distinción entre as dúas grandes zonas dialectais (oriental fronte a occidental) e de subdialectos dentro da mesma zona.

O sexto traballo (pp. 141-175), de Josefa Dorta, leva por título *La entonación canaria y su relación con las variedades caribeñas*. A autora sinala na introdución que as diferentes teorías sobre a relación entre o español de América e o español de Canarias centráronse, desde o punto de vista fónico, en fenómenos de tipo segmental como o seseo ou a aspiración do /s/, mentres que se ignora a entoación, un factor moi eficaz para determinar a orixe xeográfica dun interlocutor. Así, Dorta indica a complexidade que presentan estes estudos, fai un breve repaso por traballos anteriores e presenta diversos estudos, algúns deles da súa propia autoría e encadrados dentro do proxecto AMPER, que describe brevemente. O obxectivo que se persegue é comparar a entoación canaria con falas caribeñas do español de América, para o que se estudan diferentes frases, tanto declarativas coma enunciativas; como conclusións provisionais, sinalase que o castelán e outras variedades hispanoamericanas establecen a oposición "declarativa/interrogativa" sobre a base dunha configuración tonemática "descendente/ascendente", mentres que o español de canarias e o caribeño constrúen esa mesma oposición baseándose nunha configuración "descendente/ascendente-descendente".

O sétimo capítulo, redactado por Antonio Romano, estuda a distribución románica dos continuadores de PEDUCULUS (moito máis raramente, PEDICULUS), analizando os diferentes fenómenos fonéticos que se observan, especialmente o tratamento do grupo -CL-. Trátase dun traballo moi completo que combina enfoques da fonética acústica e articulatoria (preséntanse tamén imaxes obtidas por resonancia magnética) e analiza tamén a distribución areal na Romania.

O capítulo oitavo, da autoría de Cristóbal Corrales e Dolores Corbella, informa sobre o proxecto BILICan, *Bibliografía informatizada do español de Canarias*, incluído nunha compilación máis ampla de biblio-

grafía canaria; preséntanse os antecedentes, o modelo de ficha, os diferentes descritores, o ámbito e a tipoloxía de documentos indexados ata o de agora, ademais dunha breve descrición das perspectivas futuras.

En resumo, como anticipaba na introdución, trátase dun volume que contén perspectivas moi diversas de achegamento á dialectoloxía que demostran a vitalidade desta disciplina, non só nas súas reflexións teóricas, senón tamén na ligazón con outras ramas científicas como a etnografía, a semántica ou a fonética. Do mesmo modo, evidénciase a amplitude de temas dos que se ocupa a xeolingüística e, no que respecta a Galicia, mostra diferentes portas que sería interesante abrir para as nosas investigacións.

XOSÉ AFONSO ÁLVAREZ PÉREZ
Universidade de Santiago de Compostela

Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ó Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten ó contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluírase ó final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2... 1.1., 1.2... 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas incluíranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou

apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Lorenzo 1996)" ou "... Kabatek (1996: 108)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas todas as referencias bibliográficas, co seguinte formato:

Referencias bibliográficas

- Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congreso Internacional da Associação Brasileira de Lingüística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: ABRALIN / FINEP / UFBA, 33-48.
- Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

XOSÉ LUÍS REGUEIRA
Paseo da Quinta, 23
15897 Santiago de Compostela





CONTIDO

- 5 V. Fresco Barbeito,
Transliteración e adaptación
do árabe: Aplicación
terminolóxica
- 45 R. Gutiérrez Pichel,
Documentación latino-romance
'non dispositiva' na
emerxencia do galego escrito
- 109 X. Domínguez Dono,
O uso do galego nas
organizacións non
gubernamentais para o
desenvolvemento
- 155 M^a P. Alvaríño,
M^a L. Martínez,
B. Sánchez,
As colocacións nos dicionarios
e obras terminográficas

Cadernos de Lingua

29

